

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 24 de abril de 2015**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

**Invitados:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e catro de abril de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(475).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 10 de abril, extraordinaria e urxente do 10 de abril e dúas sesións extraordinarias e urxentes do 13 de abril de 2015. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(476).- DAR CONTA DE SENTENZAS E DECRETOS.**

Dáse conta dos seguintes Setenzas e Decretos remitidos por Asesoría Xurídica:

a) Expediente nº 8941-111. Decreto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo. RC-A nº P.A. 8/2015. Demandante: D. JAVIER JIMÉNEZ BORJA. Obxecto: SANCIÓN TRÁFICO. Desestimento do actor.

b) Expediente nº 8934-111. Decreto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo. RC-A nº 5/2015 P.A. Demandante: D<sup>a</sup> FRANCISCA GARCÍA MARTÍNEZ. Obxecto: Resolución do 15.10.2014. RPA, caída nun paso de peóns o 22.2.2013 (Expte. 4093/243).Desestimento da actora.

c) Expediente nº 8597-111. Sentenza do Xulgado do Social nº 3 de Vigo. Proc. 320/14 D.O.I. Demandante: D<sup>a</sup> SUSANA GONZÁLEZ TORRES. Obxecto: X.G.L 31.1.2014: cesamento da relación laboral indefinida. Persoal indefinido-non fixo, extinción por cobertura regular da praza. Técnico medio Servizos Económicos). Regularización do persoal do departamento de Emprego. Desestimado o recurso.

2<sup>a</sup> INSTANCIA. TSXG, Sala do Social. SUPPLICACIÓN nº 4682/2014. Desestimado o recurso.

d) Expediente nº 7914-111. Sentenza do Xulgado do Mercantil nº 3 de Pontevedra. Proc. Ordinario 56/2013. Demandante: D<sup>a</sup> MARÍA ISABEL MOURIÑO PINO. Obxecto: Propiedade intelectual, reclamación por infracción dereito integridade da obra ("VICUS PETRAE"). Estimado parcialmente. Comunicada na X.Goberno 5.12.14.

2<sup>a</sup> INSTANCIA. Sentenza da AUDIENCIA PROVINCIAL, SECCIÓN 1<sup>a</sup>. APELACIÓN nº 70/2015. Desestimada a apelación.

e) Expediente nº 8379-111. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 1/2014 P.O. Demandante: PAZO DE CONGRESOS DE VIGO, S.A. Obxecto: Resolución do 31 de outubro de 2013 (en reposición). Solicitud do 26.6.2013 de restablecemento do equilibrio económico-financiero do contrato. Desestimado o recurso.

f) Expediente nº 8844-111. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo. RC-A nº 372/2014 P.A. Demandante: D<sup>a</sup> EMMA DOMÍNGUEZ BARREIRO. Obxecto: RPA, caída o 25.3.2012 na beirarrúa (Expdte.: 3757/243) Desestimado o recurso.

g) Expediente nº 8973-111. Decreto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 38/15 P.A. Demandante: D. BRUNO OCTAVIO VÁZQUEZ ALONSO.Obxecto: Resolución do 10.12.2014. SANCIÓN DE TRÁFICO, estacionamento incorrecto.Expdte.: 138674877. Desestimento do demandante.

h) Expediente nº 8818-111. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 352/14 P.A. Demandante: D<sup>a</sup> MARÍA DEL CARMEN GONZÁLEZ SOUSA. Obxecto: Resolución do 18.07.14. RPA, caída na piscina municipal de Teis o 25.09.2012. Desestimado o recurso.

i) Expediente nº 4886-111. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 119/2008 P.O. Demandante: "LA VOZ DE GALICIA, S.A.". Obxecto: RPA por non inserción publicitaria/discriminación. Desestimado o recurso.

2ª INSTANCIA. Sentenza do TSXG, Sala do C-A, Sección 3ª. APELACIÓN nº 7135/2014. Desestimada a apelación.

k) Expediente nº 8602-111. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A P.O. Nº 110/2014. Demandante: UNIVERSIDADE DE VIGO. Obxecto: Resolución do TE-A Concello de Vigo do 28.6.2013. Liquidación do ICIO.

2ª INSTANCIA. Sentenza do TSXG, Sala do C-A, Sección 4ª. APELACIÓN nº 15019/2015. Estimada en parte a apelación.

l) Expediente nº 8639-111. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A P.O. Nº 147/2014. Demandante: UNIVERSIDADE DE VIGO. Obxecto: Resolución do 16.12.2013 do TE-A do Concello de Vigo. Liquidación do IBI 2013 (3 inmobles). Desestimado o recurso.

2ª INSTANCIA. Sentenza do TSXG, Sala do C-A, Sección 4ª. APELACIÓN nº 15020/2015. Estimada en parte a apelación.

m) Expediente nº 8803-111. Sentenza do Xulgado do Social nº 1 de Vigo. Procedemento 961/14 (SANCIÓN-Disciplinario). Demandante: D. JOSÉ MARÍA ABALDE ALONSO. Obxecto: Resolución do 18.7.2014. Sanción de 6 meses por falta moi grave (95.2 EBEP). Expdte.: 5333/12. Estimado parcialmente o recurso.

n) Expediente nº 8992-111. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo. RC-A nº 46/2015 P.A. Demandante: D<sup>a</sup> PATRICIA ALEXANDRA DA CUNHA SOUSA. Obxecto: Desestimación presunta de reposición. SANCIÓN DE TRÁFICO. Expdte.: 138666939. Estimado o recurso.

o) Expediente nº 8592-111. Sentenza do XULGADO SOCIAL nº 3 DE VIGO no Procedemento 287/2014 (D.O.I) Demandante: D<sup>a</sup> M. BELÉN PÉREZ FREIRE. Obxecto: XGL 31.1.2014. Extinción da relación laboral indefinida non fixa, por cobertura legal da praza creada para regularizar a situación. Desestimado o recurso.

2ª INSTANCIA. Sentenza do TSXG, Sala do Social. SUPPLICACIÓN 4652/2014. Desestimada a suplicación.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

**3(477).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA (AFAGA) PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE RESPIRO FAMILIAR PARA PERSOAS CON DEMENCIA NEURODEXENERATIVA- ANO 2015. EXPTE. 104414/301.**

Visto o informe xurídico do 8.04.15, o informe de fiscalización do 17.04.15, e o informe técnico do 6.04.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Benestar Social, do 8.04.15, conformado polo xefe de Área de Benestar Social, a concelleira-delegada da Área de Política de Benestar e a concelleira-delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

*I. En relación coa Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal, faise constar que, como se recolle expresamente na proposta de Convenio con AFAGA sometida á aprobación da XGL, a concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela» e que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).*

*II. En consecuencia, visto o que antecede, o informe da técnica responsable do Programa, a orde de inicio de expediente da concelleira delegada da Área de Política de Benestar e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte, «ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Prestar aprobación ó texto do convenio de colaboración entre a Concellería de Política de Benestar e a «Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia (AFAGA)» (CIF G-36776920), para a execución dun programa de respiro familiar a través de obradoiros de estimulación cognitiva e funcional para persoas con demencia neurodexenerativa – ano 2015.*

*SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 18.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.10 -Convenio AFAGA– do orzamento vixente».*

*Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.*

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA” (AFAGA) PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE RESPIRO FAMILIAR A TRAVÉS DE OBRADOIROS DE ESTIMULACIÓN COGNITIVA E FUNCIONAL PARA PERSONAS CON DEMENCIA NEURODEXENERATIVA – ANO 2015».

En Vigo, na Casa do Concello, o ..... de 2015

### COMPARECEN

Dunha parte,

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido polo Secretario de Administración municipal, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

Doutra parte,

D. Juan Carlos Rodríguez Bernárdez, con DNI nº 36.073.858-Z, Presidente da “Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia” (AFAGA), CIF nº G-36776920, con enderezo para os efectos de notificación na Avda. Martínez Garrido nº 21, interior, de Vigo.

### INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D. Juan Carlos Rodríguez Bernárdez, actuando en representación de AFAGA, segundo así resulta dos seus estatutos, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, Secretario de Administración municipal, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento, por delegación da Secretaria de Goberno local (Resolucións de datas 19.09.2011 e 20.03.2013).

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

### EXPOÑEN

I.- Que a “Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia” (AFAGA) é unha asociación sen ánimo de lucro que ten como obxectivo principal prestar atención social específica ás familias e persoas que padecen estas enfermidades. De acordo cos seus estatutos, os fins básicos de AFAGA son, entre outros, a promoción de actuacións e programas destinados a mellorar a situación das familias e a atención ás persoas enfermas,

*defender os seus dereitos, reclamar das autoridades e organismos públicos a creación dunha infraestrutura de apoio e de centros específicos, desenvolver actividades de difusión e sensibilización social, etc.*

*II.- Que, dentro deses programas, conta cun “Programa de respiro familiar a través de obradoiros de estimulación cognitiva e funcional para persoas con demencia neurodexenerativa” que inclúe unha serie de obradoiros que teñen como obxectivos específicos manter as capacidades mentais e funcionais o máximo tempo posible, evitar a desconexión e fortalecer as relacións sociais, facilitar un descanso ós cuidadores e/ou familiares e mellorar o seu estado emocional.*

*III.- Que a Concellería de Política de Benestar é coñecedora da existencia dun colectivo de persoas na cidade que teñen a necesidade de acudir a este tipo de recursos para mellorar a súa calidade de vida; recursos que constitúen un complemento dos servizos sociais dos que dispón o Concello de Vigo.*

*IV.- Que a normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL ).*

*A teor da reforma introducida pola LRSAL, a competencia en materia de «prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social» residenciase agora na Admón. autonómica, que deberá asumila a 31.12.2015, nos termos previstos nas normas reguladoras do sistema de financiamento autonómico e das Facendas locais e previa elaboración dun plan para a avaliación, reestruturación e implantación dos servizos (Disp. Transit. 2ª), sen prexuízo da súa eventual delegación nos municipios (Art. 27 LRBRL).*

*De acordo coa Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, esas competencias que debería asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela».*

*Ademais, considera que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).*

*V.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe competencias ós concellos nesta materia e prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego*

*de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.*

*De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns xustificadas de interese público poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.*

*Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.*

*VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais para o ano 2015, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 22.2 e 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 19.4 e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.*

*VII.- Que o presente Convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.*

*Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este Convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,*

#### **ESTIPULACIÓNS**

*PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor de AFAGA para o desenvolvemento dun “Programa de respiro familiar a través de obradoiros de estimulación cognitiva e funcional para persoas con demencia neurodexenerativa”.*

*SEGUNDA.- Para estes efectos, AFAGA comprométese a colaborar coa Concellería de Política de Benestar no desenvolvemento do Programa, co que se pretende traballar os aspectos cognitivos (orientación temporo-espacial, memoria, linguaxe...), funcionais (actividades básicas da vida diaria, motricidade...), proporcionar apoio emocional ós familiares dos asistentes ós obradoiros, procurarlles un tempo de lecer con actividades lúdicas e dotalos de coñecementos prácticos en relación á atención e coidados dos enfermos con demencia.*

*Para a inclusión no programa avaliarase a situación cognitiva e conductual, así como as capacidades básicas e instrumentais da vida diaria. Unha vez feita a avaliación, todas as persoas consideradas aptas para os obradoiros deberán ser incluídas no Programa.*

*TERCEIRA.- AFAGA comprométese tamén a:*

–Aceptar ós beneficiarios (enfermos e familiares) que sexan derivados polo Departamento de Benestar social do Concello, seguindo o criterio antes indicado.

–Que as actividades sexan impartidas por técnicos especialistas na materia. A Asociación poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución do Programa, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase desas persoas co Concello de Vigo.

–Someterse á lexislación vixente en materia sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Programa, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

–Cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CUARTA.- O Concello de Vigo comprométese a conceder directamente á entidade AFAGA unha subvención para o exercicio de 2015 por importe de 18.000 € (DEZAOITO MIL EUROS) prevista nominativamente nos seus orzamentos (aplicación nº 2310.489.00.10).

QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

- Un 50% da cantidade total á sinatura do Convenio. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.
- O 50% restante unha vez xustificada a totalidade do importe do Convenio, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.

SEXTA.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado resposten á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do Convenio (2015).

SÉTIMA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da



subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

NOVENA.- Para a xustificación da subvención, a beneficiaria deberá achegar, a través do Rexistro xeral municipal, antes do 30 de novembro de 2015, a documentación que xustifique o cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu e a aplicación dos fondos recibidos. Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que constará a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados. Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

-Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.

-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.
2. Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.
3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
  - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
  - Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
  - Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
  - Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención, que foi practicada a mesma, declarada, liquidada e ingresada na AEAT.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a Área xestora da subvención procederá ó estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose

neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporarase ó expediente e a Área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

*DÉCIMA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.*

*UNDÉCIMA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política de Benestar. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*DUODÉCIMA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*DÉCIMO TERCEIRA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*DÉCIMO CUARTA.- Como mecanismo de coordinación e solución de posibles controversias na súa aplicación, constituirase unha Comisión mixta de Seguimento do Convenio que estará composta por dous representantes da AFAGA e dous representantes municipais (un deles, o/a técnico/a do Departamento de Política de Benestar responsable do Programa/Servizo) e presidida polo/a Concelleiro/a da Área.*

*DÉCIMO QUINTA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD.1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*DÉCIMO SEXTA.- Para o caso de que a entidade beneficiaria realice algún tipo de publicidade ou difusión das actividades do Programa, deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal, previa conformidade da Concellería de Política de Benestar.*

*DÉCIMO SÉTIMA.- A beneficiaria queda informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados ós ficheiros municipais e de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria. Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na*

L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común e na L.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política de Benestar.

DÉCIMO OITAVA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerase pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; polos pactos que se conteñen neste Convenio; as Bases de Execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretario de Administración municipal, dou fe.

#### **4(478).- REDUCCIÓN DO PREZO HORA POR EFECTO DO IPC NEGATIVO NO PERÍODO REVISADO, AGOSTO 2013-SETEMBRO 2014, DO CONTRATO DO SAF. EXPTE. 104955/301.**

Visto o informe xurídico do 20.04.15 e o informe de fiscalización do 9.04.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Servizos Económicos, do 7.04.15, conformado pola concelleira-delegada da Área de Política de Benestar e pola concelleira-delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de 23 de agosto de 2013,, aprobou a adjudicación definitiva do procedemento aberto para a contratación dos servizos de axuda no fogar do concello de Vigo ( expte. 80269-301) por un prezo total de 5.800.000 euros, IVE incluído e por un prezo hora, IVE incluído de 12,67 euros.*

*O apartado 3.j das Follas de Especificacións do contrato anexas ao prego de cláusulas administrativas particulares, establece a procedencia da revisión de prezos transcurrido un ano dende a data de formalización do contrato, e sempre e cando este se tivese executado a lo menos no 20% do seu importe, recollera o 50% da variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a data de adjudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas, ou respecto da data en que remate o dito prazo de tres meses se a adjudicación se produce con posterioridade.*

*A data da finalización do prazo para presentación de proposicións rematou o día 11 de maio de 2013, segundo certificación de data trece de maio de 2013 que se achega.*

*O contrato formalizouse con data 20 de setembro de 2013.*

*Á vista do anterior e tendo en conta que, entre a data de finalización do prazo de presentación de ofertas (11/05/2013) e a data de adjudicación do contrato (23/08/2013) transcurriron mais de tres meses, o período para calcular a revisión do IPC e o que media entre agosto2013-setembro-2014.*

*O índice de prezos do consumo no período agosto/2013-setembro/2014, experimentou unha variación de -0,3% segundo datos do INE que se achegan. Tal e como se determina nas bases, o*

incremento recollerá o 50% da variación experimentada, quedando fixada, polo tanto, a efectos do cálculo no -0,15% . O prezo hora queda establecido polo tanto a partir do 01/10/2014 en 12,65 euros

Polo exposto con anterioridade, *proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“Primeiro: Aprobar para o contrato de servizos de axuda no fogar, adxudicado a CLECE,S.A., NIF A80364231, a redución do prezo hora por efecto do IPC negativo no período revisado, agosto 2013-setembro-2014, e correspondente ao 50% da variación experimentada polo IPC nacional, quedando establecido ese prezo en 12,65 euros.*

*Segundo: Regularizar na primeira facturación que se presente a partires da notificación do presente acordo, o importe correspondente ao número de horas prestadas entre o 1 de outubro de 2014 e a citada facturación.*

*Terceiro: Notificar este acordo ó contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 116 - 117 da Lei 30/92 e 8, 25, 46 e ccetes. da Lei 29/98)”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(479).- RESOLUCIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES EXCEPCIONAIS DE COMEDOR DA CONVOCATORIA DE AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA O CURSO 2014-2015. EXPTE. 93407/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20.04.15, dáse conta do informe-proposta da técnica responsable do Programa de axudas municipais escolares, do 25.03.15, conformado pola xefa do Servizo de Benestar Social, polo xefe e a concelleira, ambos da Área de Política de Benestar,que di o seguinte:

#### *I.- ANTECEDENTES*

*I.1.- A Xunta de Goberno Local- XGL, na súa sesión ordinaria do 25 de abril de 2014 acordou:*

*I.1.1.- Aprobár as bases das axudas municipais escolares de libros e comedor que foron publicadas no BOP núm. 89 do 12 de maio de 2014, así como no taboleiro oficial da Casa do Concello, nos centros de servizos sociais (Unidade de Traballo Social) e na páxina web do Concello.*

*I.1.2.-Compromete o gasto para ás axudas de libros , material escolar e comedor con cargo á aplicación orzamentaria 2310.4810000 (Becas, libros , material escolar e*

comedor) do orzamento de Benestar Social do Concello. (Comedor de xaneiro a xuño de 2015: AFUT- número 201400026286 - 617.000,00€)

I.2.-Con data 19 de setembro de 2014, a XGL, en sesión extraordinaria e urxente, adoptou o acordo de resolución do expediente de axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor do curso 2014-2015. Aprobando as concedidas, denegadas e a lista de agarda das/os 416 alumnas/os de comedor.

I.3.-Con data 10 de outubro de 2014, a XGL en sesión ordinaria acordou autorizar o gasto de 97.219,20€ para o comedor de xaneiro a xuño de 2015 (AFUT- Número 201400067160) das/os alumnas/nos na lista de agarda aprobada na XGL ordinaria de 19 de setembro de 2014 das axudas para comedor , curso 2014-2015.

I.4.-Con data 5 de decembro de 2014, a XGL en sesión ordinaria, acordou a resolución dos recursos de reposición contra o acordo da XGL de 19.09.2014, relativo ás axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor do curso 2014-2015, estimando catorce dos recursos de reposición con cargo ás baixas producidas en anteriores adxudicacións, non facendo falla novo contraído para o gasto, e desestimando dezaoito recursos presentados.

I.5.-Na base Cuarta – “Beneficiarios” das bases reguladoras das axudas municipais escolares de libros, e comedor, para o curso 2014/2015, recóllese que:

«O programa para comedores escolares da presente convocatoria engloba dous tipos de persoas beneficiarias, agrupados nas modalidades A e B que deben reunir os requisitos que se sinalan:

-Modalidade A.- Por convocatoria ordinaria, reunindo os requisitos establecidos na base sexta.

-Modalidade B.- Con carácter excepcional , co fin de dar protección ás situacións carenciais ou excepcionais do alumnado que se poidan presentar ao longo do curso escolar, unha vez resoltas da convocatoria ordinaria, poderán solicitarse axudas con carácter excepcional , debidamente xustificadas polos técnicos do Departamento, perante a Comisión de Valoración, que proporá a súa aprobación á XGL, sempre e cando cumpran os requisitos esixidos , acheguen a documentación requirida, reseñen a causa da excepcionalidade da solicitude e exista dispoñibilidade orzamentaria. Unha vez resolta , pasará a formar parte da lista de agarda única froito da convocatoria ordinaria.

Os/as alumnos/as estarán matriculados , no curso 2014/2015, en centros públicos ou con concerto nos niveis de:

- Educación infantil (2ª etapa) 3 a 5 anos
- Educación primaria 6 a 12 anos
- Educación secundaria obrigatoria 12 a 16 anos

As subvencións que se outorguen en calquera das modalidades, realizaranse en réxime de concorrencia competitiva.

Os/as alumnos/as da modalidade B integraranse na lista de agarda existente, froito da convocatoria ordinaria, en función da renda percápita obtida»

I.6.-As solicitudes de axudas municipais de carácter excepcional de comedor para alumnas/os de centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil 2ª etapa, educación primaria e secundaria do concello de Vigo foron vinteseis.

Examinadas as solicitudes pola Comisión de Valoración e comprobado que da información que obra en poder deste Departamento, resulta que os beneficiarios cumpren todos os requisitos

necesarios para acceder a estas axudas, e de acordo coas bases reguladoras das axudas municipais escolares de libros , e comedor , para o curso 2014/2015, propónse a concesión de 25 axudas e a desestimación de unha:

–Anexo I: Concesión de axudas excepcionais de comedor

–Anexo II: Desestimación de axudas excepcionais de comedor

1.7.-Existe crédito para facer fronte aos gastos para as axudas municipais con carácter excepcional de comedor das/os alumnas/os de educación infantil 2ª etapa, educación primaria e educación secundaria para o curso 2014-2015, procedentes das baixas producidas con cargo a :

- Comedor de xaneiro a xuño de 2015: AFUT- número 201400026286 (617.000,00€)
- Comedor de xaneiro a xuño de 2015: AFUT- Número 201400067160 (97.219,20€)

Polo anteriormente exposto, proponse á XGL, a adopción do seguinte acordo:

«1.- Conceder unha axuda excepcional de comedor os/as vintecinco alumnos/as que figuran no Anexo I, que comeza por “Ángel Hernández, Natan Francisco” remata por “Ucha Amoedo, Lucía”, das axudas excepcionais de comedor, que reúnen os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiarias/os da subvención segundo o establecido na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, así mesmo cumpren cos requisitos estipulados na base 4ª e na base 6ª da convocatoria, existindo causa xustificada de excepcionalidade e existindo orzamento para a súa concesión.

Aprobar o gasto con cargo ás baixas producidas das anteriores adxudicacións, cuxo gasto estaba reservado nos documentos contables:

- Comedor de xaneiro a xuño de 2015: AFUT- número 201400026286 (617.000,00€)
- Comedor de xaneiro a xuño de 2015: AFUT- Número 201400067160 (97.219,20€)

non facendo falla novo contraído para o gasto.

A contía a pagar por alumna/o será de 41,00€/ mes ( 28,70€ no mes abril)

Excepcional – 2014/2015

Comedor Anexo I

Excepcional 1					
Nº Expediente	Alumno	Solicitante	Data de Inicio	Estado comedor	Nome
3605716002714	ANGEL HERNANDEZ, NATAN FRANCISCO	HERNANDEZ SOTO, ROSA MARIA	01/01/2015	Concedida	EDUARDO PONDAL
3605706003202	BARRUL BARRUL, ABIGAIL	BARRUL JIMENEZ, ANGEL	01/01/2015	Concedida	BALAIOS
3605706003202	BARRUL BARRUL, ANGEL	BARRUL JIMENEZ, ANGEL	01/01/2015	Concedida	BALAIOS
3605713003205	BLANCO BRAGA, YASMIN	BLANCO PRIETO, M. ESTHER	01/01/2015	Concedida	ATALAYA CANTABRIA
3605715003624	CAMPO RABALSKI, ANTONIO BLAS	RABALSKA ENRIQUEZ, AGNIESZKA MARIA	01/01/2015	Concedida	NIÑO JESUS DE PRAGA
3605716001886	CANTALLOPS LOPEZ, ALEJANDRA	LOPEZ IGLESIAS, M ALMUDENA	01/01/2015	Concedida	O POMBAL

3605722002152	DOURADO SANTOS, CAROLINI	PEREIRA DOS SANTOS, JOSI	01/01/2015	Concedida	DOBLADA
3605714001746	GIL LORENZO, ALEXANDRE	GIL LORENZO, SONIA	01/03/2015	Concedida	MONTE DA GUIA- EEI
3605715003544	GIMENEZ GIMENEZ, REBECA	GIMENEZ JIMENEZ, JEZABEL	01/01/2015	Concedida	SAN FERMIN
3605701002398	GUERRA JOSE, FELIPE GABRIEL	JOSE SILVA, CAMILA	01/01/2015	Concedida	JOSEFA ALONSO (RIBAS MATAMA)
3605712002169	JIMENEZ MONTOYA, FRANCISCO RAFAEL	MONTOYA GOMEZ, GUADALUPE	01/01/2015	Concedida	SAN SALVADOR (IGREXA TEIS)
3605713003182	LOPEZ FERNANDEZ, MARTA	FERNANDEZ AROSA, M JOSE	01/01/2015	Concedida	ATALAYA CANTABRIA
3605724002724	MORAES PORTILLO, DELIA CARMEN	PORTILLO BERNAL, M PELAGIA	01/01/2015	Concedida	NIÑO JESUS DE PRAGA
3605711003224	NUEZ PORTOS, CHRISTIAN	PORTOS MARTINEZ, M. CARMEN	01/01/2015	Concedida	O POMBAL
3605714003264	ORLOVA RODRIGUEZ, TATIANA	ORLOVA , DARIA	01/01/2015	Concedida	VICENTE RISCO
3605704001646	PADILLA COSTAS, ANDREA	COSTAS OTERO, ANA MARIA	01/01/2015	Concedida	MERCANTIL
3605706002954	POZA ZULUAGA, RAQUEL	ZULUAGA RUIZ, MARLENE	01/01/2015	Concedida	AMOR DE DIOS
3605701002499	SADIKI CUÑA, DUNIA	CUÑA ROUCO, EVA MARIA	01/01/2015	Concedida	OTERO PEDRAYO
3605705000583	SANTANA MARTINEZ, MANEL ANTON	MARTINEZ FERNANDEZ, ANA	01/01/2015	Concedida	PINTOR LAXEIRO
3605704003224	SEGOVIA SOTO, CARLOS	SOTO RODRIGUEZ, CATALINA	01/03/2015	Concedida	SAN MIGUEL 2
3605723003751	TORNAL FIGUEIRAS, IAGO	FIGUEIRAS CANO, MARTA	01/03/2015	Concedida	CARBALLAL
3605723003751	TORNAL FIGUEIRAS, MIREIA	FIGUEIRAS CANO, MARTA	01/03/2015	Concedida	CARBALLAL
3605702001108	TORRES BLANCO, AINHOA	FERNANDEZ COMESAÑA, LEONOR	01/01/2015	Concedida	MESTRES GOLDAR
3605702001108	TORRES BLANCO, MIGUEL ANGEL	FERNANDEZ COMESAÑA, LEONOR	01/01/2015	Concedida	MESTRES GOLDAR
3605706003233	UCHA AMOEDO, LUCIA	AMOEDO VILAS, ELENA	01/02/2015	Concedida	MIRALBA (HIJAS DE JESUS)

2.- Desestimar a solicitude de un alumno/a, da axuda excepcional de comedor, do alumno/a "Nwnankwo Vila, Clement Ebuka" que figura no Anexo II por non cumprir os requisitos de excepcionalidade recollidos nas bases, salientado a causa concreta da denegación.

Excepcional – 2014/2015

Comedor Anexo II

Excepcional 1						
Nº Expediente	Alumno	Solicitante	Dni solicitante	Estado comedor	Motivo de desestimación	
3605701001927	NWNANKWO VILA, CLEMENT EBUKA	VILA FIGUEROA, MARGARITA	36146089W	Denegada	Non excepcionalidade: non presentou a solicitude en período ordinario porque se despistou da data	
Número de ocurrencias 1						
Número de Ocurrencias 25						
Total Número de Ocurrencias						
Total de ocurrencias 1						

3.- Publicar este acordo e os seus anexos na web oficial, no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e nas Unidades de Traballo Social do Departamento de Política de Benestar.

4.- Notificar o acordo a todas as persoas interesadas , con indicación de que pon fin a vía administrativa e de que contra a presente resolución poderán interpoñer, recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun mes ou, directamente , recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 116-117 da Lei 30/92 , e 8, 25 ,46 e ccdtes. Da Lei 29/98)

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adopte o acordo que estime oportuno.



## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(480).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN FINAL DAS OBRAS DO “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE CONSOLIDACIÓN DE CIMENTACIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO DE TEIS DO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 10267/255.**

Visto o informe de fiscalización do 7.04.15, dáse conta do informe-proposta do xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, do 16.04.15, conformado pola concelleira de Medio Ambiente e Xuventude, que di o seguintes:

#### *I) ANTECEDENTES*

1.- *A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 8 de xullo de 2014, acordou aprobar o “proxecto básico e de execución de consolidación de cimentación de nichos no cemiterio de Teis do Concello de Vigo”, redactado polos arquitectos municipais da oficina de Obras e Proxectos da Xerencia Municipal de Urbanismo, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luís Piñeiro Ferradás, en data en data 23/10/2013, anexo aclaratorio de data 07/07/2014, cun orzamento xeral ou de contrata de 116.408,72 euros. Expte. 10235/255.*

2.- *A Xunta de Goberno Local na sesión do 29 de agosto de 2014, acordou aprobar o expediente de contratación das obras do “proxecto básico e de execución de consolidación de cimentación de nichos no cemiterio de Teis do Concello de Vigo”. expte. 10267/255.*

3.- *A Xunta de Goberno Local na sesión do 28 de novembro de 2014, acordou a adxudicación, na forma de procedemento aberto e trámite urxente, da contratación das obras do “proxecto básico e de execución de consolidación de cimentación de nichos no cemiterio de Teis do Concello de Vigo” (expte. 10267/255), a favor da U.T.E. ACEVI, S.L-GPD CONSTRUCCIONES, S.A por un prezo de 89.355,87 euros (IVE engadido).*

4.- *Mediante escritura pública outorgada en data 1 de decembro de 2014, ante o notario de Pontevedra, D. José Manuel Gómez Varela, ó número 2.036 do seu protocolo, as entidade Actividades de Construcción Edificación y Viales, S.L. (ACEVI, S.L.) e Planificación, Desarrollo y Gestión de Construcciones, S.A. (GPD Construcciones, S.A.), fundaron e constituíron unha unión temporal de empresas co nome de “Actividades de Construcción Edificación y Viales, S.L. y Planificación, Desarrollo y Gestión de Construcciones, S.A. unión temporal de empresas, Ley 8/1.982 de 26 de mayo”, abreviadamente, “UTE Cementerio de Teis”.*

5.- *En data 2/12/2014, formalizouse o contrato en documento administrativo.*

6.- *A Xunta de Goberno Local, na sesión do 8 de xullo de 2014 e acordou nomear ós arquitectos municipais da Oficina de Obras e Proxectos da Xerencia Municipal de Urbanismo, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás, directores facultativos da obra do proxecto básico e de execución de consolidación de cimentación de nichos no cemiterio de Teis do Concello de Vigo”. Expte. 10235/255.*

7.- *A Xunta de Goberno Local na sesión do 28 de novembro de 2014, acordou nomear como coordinadores de seguridade e saúde da “obra de consolidación de cimentación de nichos no cemiterio de Teis do Concello de Vigo” ós arquitectos da Xerencia Municipal de Urbanismo,*

David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luís Piñeiro Ferradás, que a súa vez son os autores do proxecto de obra e directores facultativos desta segundo acordo da Xunta de Goberno Local do 08/07/2014.

8.- A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente do 3 de decembro de 2014, acordou aprobar o plan de seguridade e saúde presentado, o programa de traballo (plan de obra) e o plan de control de calidade e aceptar o Plan de xestión de residuos, presentados pola U.T.E. "Actividades de Construcción Edificación y Viales, S.L. y Planificación, Desarrollo y Gestión de Construcciones, S.A. unión temporal de empresas, Ley 8/1.982 de 26 de mayo", abreviadamente, "UTE Cementerio de Teis".

9.- Ademais dos datos anteriormente exposto respecto do citado contrato de obras, cómpre sinalar o seguinte:

- O responsable do contrato é o xefe de Medio Ambiente Sanidade e Consumo segundo o apartado 1.C) das FEC do PCAP que rexe o contrato.
- O prazo de execución do contrato é de 30 días e computarase a partir do día seguinte ó da data de levantamento da acta de comprobación do replanteo, segundo o establecido na cláusula 24.2., apartado 4.A) das FEC do PCAP que rexe o contrato.
- A acta de comprobación do replanteo e de inicio de obra levantouse o día 4/12/2014 e está debidamente asinada polo representante da adxudicataria e polos técnicos directores de obra.
- O prazo de garantía do contrato é de 60 meses.

#### II) EXECUCIÓN DO CONTRATO

O contrato executouse dentro do prazo previsto, é dicir, dentro dos trinta días a partir do día seguinte ó levantamento da acta de comprobación do replanteo que se realizou o día 4/12/2014.

#### III) CERTIFICACIÓNS TRAMITADAS.

A certificación núm. 1 de obra executada parcialmente e coa correspondente medición, foi expedida polos arquitectos municipais directores da obra en data do 29/12/2014, ascendendo a un importe de 89.268,58€ (IVE 21% engadido) e correspondendo ao mes de decembro. A medición está asinada, ademais, polo representante da entidade adxudicataria.

A factura para o pagamento desta certificación núm. 1 foi presentada no Rexistro Xeral do Concello en data do 29/12/2014 (doc. 140157927) e tramitado o seu pagamento segundo expediente administrativo 10433/255.

#### IV) RECEPCIÓN DA OBRA. MEDICIÓN XERAL. CERTIFICACIÓN XERAL.

A acta de recepción das obras obras levantouse en data 2 de xaneiro de 2015, sendo asinada polo representante da entidade adxudicataria e os arquitectos municipais directores da obra.

A certificación nº 2 e final de obra executada, que inclúe a correspondente medición xeral, foi expedida polos arquitectos municipais directores da obra en data do 31/01/2015, ascendendo a un importe de 0 euros, e correspondendo ao mes de xaneiro. A medición xeral está asinada ademais polo representante da entidade adxudicataria.

A documentación anteriormente citada foi expedida por triplicado exemplar tendo sido entregado un exemplar á entidade adxudicataria.

Polo que respecta ó cumprimento das observacións contidas no informe da Intervención xeral de data 7 de abril de 2015, cómpre indicar que:

*Incorporouse á acta de recepción de data 2 de xaneiro de 2015, un anexo de data 13 de abril de 2015 asinado polo responsable do contrato, arquitectos municipais directores de obra e representante da entidade adxudicataria, no que o responsable do contrato ratifica o contido da acta de recepción.*

*Faise constar expresamente no presente informe que segundo declaracións responsables (8) do representante da entidade adxudicataria de data 29 de decembro de 2014 achegadas coa factura núm. 1, acredítase o cumprimento das condicións especiais de execución do contrato establecidas nos apartados 1, 3, 4, 5 e 6 da cláusula 26 do PCAP.*

*Polo que atinxe á superación do prazo de tres meses para a aprobación da certificación final de obra cómpre sinalar que ven motivada polos múltiples tarefas que teñen que desenvolverse no servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo cos escasos recursos humanos existentes, tendo en consideración que, a xuízo do que subscribe, trataríase dunha irregularidade non invalidante toda vez que non se produce ningún prexuízo nin para o Concello nin para a entidade adxudicataria das obras toda vez que a certificación final de obra ten custe 0.*

*Por último, sinalar que a recepción das presentes obras e a súa certificación final son anteriores á Instrucción 2/2015 da Intervención xeral de data 10/02/2015 que clarifica o procedemento de recepción de obras polo que non se puido seguir esquematicamente dito procedemento.*

#### **V) COMPETENCIA**

*É competente para ditar resolución a Xunta de Goberno Local do Concello Vigo como órgano de contratación ao abeiro do establecido na Disposición adicional segunda, apartado 3, do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido de la Lei de contratos do sector público (TRLCSF).*

#### **VI) PROPOSTA:**

*Por todo, propónse á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación do Concello de Vigo, a adopción do seguinte*

#### **ACORDO:**

*PRIMEIRO.- Aprobar a certificación núm. 2 e final de obra correspondente ó contrato de obra do “proxecto básico e de execución de consolidación de cimentación de nichos no cemiterio de Teis do Concello de Vigo” (expte. 10267/255), que foi expedida polos arquitectos municipais directores de obra, Juan Luis Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso, con data do 31 de xaneiro de 2015, sendo o importe desta de cero (0) euros.*

*SEGUNDO.- Facer constar expresamente que o prazo de garantía da obra executada iniciouse o 2 de xaneiro de 2015 e rematará 60 meses despois, é dicir, o 2 de xaneiro de 2020.*

*TERCEIRO.- Establecer o período comprendido entre o 19 de decembro de 2019 e 2 de xaneiro de 2020 (15 días), ámbolos dous inclusive, para que os arquitectos municipais directores de obra, de oficio o a instancia do contratista, redacten o informe sobre o estado das obras e, no seu caso, procedan á liquidación do contrato segundo o procedemento previsto no artigo 235 do TRLCSF.*

*CUARTO.- Notificar o presente acordo a entidade adxudicataria do contrato e os arquitectos directores da obra na forma legalmente prevista.*

#### **Acordo**

**A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.**

**7(481).- MODIFICACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN PARCIAL, DOCENCIA E DESENVOLVEMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO DE VIGO. EXPTE. 16769/332.**

Dáse conta do informe-proposta do informe-proposta do 20.04.15, conformado polo concelleiro-delegado de Contratación, a titular de Asesoría Xurídica e o interventor xeral, que di o seguinte:

*NORMATIVA DE APLICACIÓN*

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).*
- *Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).*

*ANTECEDENTES*

1.- *En data 27 de marzo de 2015, Dna. Antonia Céspedes Balongo, en nome e representación de IMAXINIERIA, S.L., presenta sendos escritos no Rexistro Xeral deste Concello, no que manifesta que, tras consultar no perfil do contratante o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Teatro de Vigo por procedemento aberto, advertiu que a solvencia técnica e económica esixida no mesmo non lle permite presentarse á licitación e solicita que se modifique a mesma ampliando a 5 anos o período de acreditación da solvencia.*

2.- *En data 27 de marzo de 2015, o técnico superior de Educación, co conforme da Concelleira-delegada de Educación, dirixe escrito o servizo de Contratación, propoñendo a modificación da solvencia económica e técnica requirida no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos da solicitude presentada por IMAXINIERIA, S.L.*

3.- *En data 9 de abril, o servizo de Contratación dirixe dilixencia ó de Educación informándolle de que non é posible incrementar o período de acreditación da solvencia económica, pero si modificar a cantidade a acreditar.*

4.- *En data 10 de abril, o técnico do servizo de Educación, informa que o seu xuízo “estaría acreditada a solvencia económica se as empresas que opten ao contrato poden acreditar, como cifra global de negocios nos últimos tres anos, unha cifra equivalente a tres anualidades do custo estimado do contrato, é dicir, 277.476,36 euros (92.492,12 euros/ano)”.*

*FUNDAMENTOS XURÍDICOS*

Primeiro.- En data 13 de marzo de 2015, a Xunta de Goberno Local acordou:

“1º.- Aprobar o expediente de contratación dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola municipal de teatro, por procedemento aberto.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 21/01/2015 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 06/03/2015 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente, para a contratación dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola municipal de teatro por procedemento aberto.

3º.- Aprobar o gasto (...).

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente”.

Segundo.- En data 26 de marzo de 2015 anúnciase a licitación no perfil do contratante do Concello de Vigo e se publican os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente licitación.

Terceiro.- En data 27 de marzo IMAXINIERIA, S.L., presenta escrito solicitando que se modifique o período de acreditación da solvencia técnica e económica, ampliándoo a 5 anos.

Á vista do citado escrito, o técnico superior de Educación, en data 27-03-14, informa que “Co obxecto de favorecer a libre concorrencia de empresas e profesionais do sector da formación teatral, e tendo en conta a natureza maioritaria das empresas deste sector (de pequena e mediana dimensión, cooperativas, autónomos, con facturacións modestas), desde o servizo de Educación entendemos apropiada a solicitude da empresa Imaxinería SL, de ter en conta os cinco últimos anos de facturación para as empresas con interese en presentar propostas, a efectos de acreditar a súa solvencia técnica e económica. A duración dos contratos anteriores para o mesmo obxecto (2+1+1, 1+1) fixo que esta circunstancia non se dera ata o de agora, o que facilitou que se incluíra no presente expediente o “erro” de referirse aos tres últimos anos de facturación. Desde o servizo de Educación considérase, ademais, que non tería sentido ningún que o propio Concello non considerara solvente técnica nin economicamente a propia empresa que desde o ano 1999 ven desenvolvendo para o Concello de Vigo traballos semellantes”.

A cláusula 8.4.4º do PCAP fixa o modo de acreditación da solvencia cando non proceda esixir a clasificación ou para empresas licitadoras estranxeiras pertencentes a países membros da Unión Europea do seguinte xeito:

“4º) Acreditación da solvencia cando non proceda esixir a clasificación ou para empresas licitadoras estranxeiras pertencentes a países membros da Unión Europea:

- Solvencia económica e financeira:

Acreditarase por calquera dos seguintes medios excepto que no apartado 6.C das FEC se determinen outros distintos:

- Declaración da cifra global de negocio no ámbito de actividades correspondentes ó obxecto do contrato expresada en anualidades e referida, como máximo, ós tres últimos exercicios. Considerarase con solvencia económica e financeira ós

*licitadores que no conxunto dos tres exercicios teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ó prezo do contrato.*

- *Documento acreditativo de posuír a clasificación esixida no apartado 6.B das FEC.*

*- Solvencia técnica e profesional:*

*Acreditarase, por calquera dos seguintes medios, excepto que no apartado 6.D das FEC se determinen outros distintos:*

- *Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos por importe igual ou superior ó prezo do contrato. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.*
- *Documento acreditativo de posuír a clasificación esixida no apartado 6.B das FEC.”*

*No entanto, con respecto os medios de acreditar a solvencia técnica, a citada cláusula 8.4.4º determina que o previsto na mesma so será de aplicación se non se fixan outros medios distintos no apartado 6.D da FEC, como acontece neste caso, que determina que:*

*“Os licitadores deberán acreditar a solvencia técnica mediante a demostración fidedigna da experiencia profesional docente do profesorado, segundo o seguinte:*

- *Como mínimo, o 80% do cadro de profesores deben acreditar experiencia de 100 días cotizados no Réxime Xeral da Seguridade Social nos últimos 5 anos, en materias especificamente relacionadas coas ensinanzas teatrais, en centros de ensino públicos ou privados.*
- *A lo menos o 50 % do profesorado proposto acreditará experiencia de 800 días cotizados no Réxime Xeral da Seguridade Social nos últimos 5 anos, en materias especificamente relacionadas coas ensinanzas teatrais, en centros de ensino públicos ou privados.*

*Estes extremos acreditaranse coa certificación de servizos prestados expedida polo organismo oficial no que se prestaron ou orixinal da vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. Ademais, deberá achegarse contrato de traballo inscrito no INEM ou nóminas (e, no seu caso, certificación de funcións da empresa), no caso de que os servizos se prestaran en empresas privadas”.*

Cuarto.- *En virtude do interese público subxacente ós contratos públicos, a nosa lexislación contractual esixe ós licitadores, ademais de posuír personalidade xurídica e plena capacidade de obrar, unhas condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica que garantan a boa execución do contrato. Así, o artigo 62 TRLCSP determina que “Para celebrar contratos co sector público os empresarios deberán acreditar estar en posesión das condicións de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica que se determinen polo órgano de contratación. Este requisito será substituído polo da clasificación, cando esta sexa esixible conforme ao disposto nesta Lei. Os requisitos mínimos de solvencia que deba reunir o empresario e a documentación requirida para acreditar os mesmos indícanse no anuncio de licitación e especificaranse no prego do contrato, debendo estar vinculados ao seu obxecto e ser proporcionais*

ao mesmo.” Especificando o artigo 74 os medios de acreditar a solvencia económica ou financeira e os artigos 76 a 79 os medios de acreditación da solvencia técnica ou profesional en cada tipo de contrato. No entanto, tras a modificación operada no TRLCSP por Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, a disposición transitoria cuarta do TRLCSP subordina a entrada en vigor dos artigos 75 a 78 da lei ó que establezan as normas regulamentarias de desenvolvemento da lei, que a data de hoxe non se teñen producido, polo que a solvencia económica e a técnica nos diferentes contratos se regula polo previsto na redacción anterior á modificación.

Sen ben, tanto a empresa solicitante como o servizo de Educación, solicitan a modificación dos medios de acreditar a solvencia económica e técnica esixidos no PCAP, ampliando o período de acreditación da solvencia a 5 anos, o certo é que tal modificación so é aplicable os medios de acreditación da solvencia económica, por canto, para acreditar a solvencia técnica non se solicita acreditación de traballos realizados nos tres últimos anos senón, tal e como se expuxo no fundamento xurídico anterior, a acreditación das titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato, que é un dos medios previstos no artigo 78.1 do TRLCSP, en concreto no seu apartado e). En consecuencia, non parece procedente modificar a solvencia técnica esixida.

Con respecto a solvencia económica, dispón o artigo 75.1 do TRLCSP, que deberá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, justificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- b) As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en Registros oficiais poderán aportar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.
- c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido como máximo aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias de devandito volume de negocios.

De entre estes medios, esta Administración ten escollido o previsto no apartado c), concretando o importe do volume anual de negocios no prezo do contrato, e permitindo que se acredite este importe no conxunto dos tres últimos exercicios. No entanto, dado que esta non é unha esixencia legal, senón establecida por esta Administración, nada obsta a que se acredite un importe inferior ó prezo do contrato sempre que se xustifique, se con elo se favorece a concorrencia de licitadores e con elo a libre competencia, tal e como promove o artigo 1 do TRLCSP. Pois, tal e como manifesta o técnico de Educación no citado informe de 27-3-15, “tendo en conta a natureza maioritaria das empresas deste sector (de pequena e mediana dimensión, cooperativas, autónomos, con facturacións modestas)”, o manter os medios de acreditación da solvencia económica previstos podería implicar a ausencia ou escaseza de licitadores no presente procedemento, dándose a paradoxa, tal e como manifesta o citado técnico de “non considerar solvente técnica nin economicamente a propia empresa que desde o ano 1999 ven desenvolvendo para o Concello de Vigo traballos semellantes”. Engadindo en informe de data 10-4-15 que “Tendo en conta a duración dos últimos contratos de servizos referidos ao mesmo obxecto (xestión parcial, docencia e desenvolvemento das actividades teatrais que o Concello de Vigo desenvolve mediante a Escola municipal de teatro), 1 ano máis un máximo de outro ano de prórroga (o contrato agora mesmo vixente) e 2 anos máis dúas posibles prórrogas de 1 ano cada unha (o contrato inmediatamente anterior), desde o servizo municipal de Educación enténdese que estaría acreditada a solvencia económica se as empresas que opten ao contrato poden acreditar, como cifra global de negocios nos últimos tres anos, unha cifra equivalente a tres anualidades do custo estimado do contrato, é dicir, 277.476,36 euros (92.492,12 euros/ano)”.

*A modificación dos pregos, tanto de cláusulas administrativas particulares como de prescricións técnicas non está prevista na lexislación contractual, por canto esta so regula a modificación do contrato unha vez perfeccionado, o que acontece coa formalización do mesmo (artigo 27.1 do TRLCSP). No presente caso, a modificación do prego se produce nunha fase previa a presenza doutros interesados no procedemento cuxos intereses poderían verse afectados pola modificación, o que non acontece ata que se abre o período de licitación. En consecuencia, a lei non establece ningún requisito específico para esta clase de modificación.*

*Á vista do exposto, se propón ó órgano de contratación a modificación dos medios de acreditación da solvencia económica previstos na cláusula 8.4.4º engadindo no apartado 6.C da FEC como medio de acreditación:*

- Declaración da cifra global de negocio no ámbito de actividades correspondentes ó obxecto do contrato expresada en anualidades e referida, como máximo, ós tres últimos exercicios. Considerarase con solvencia económica e financeira ós licitadores que no conxunto dos tres exercicios teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior a 277.476,36 euros .*

*Se inclúe como Anexo a este informe un prego de cláusulas administrativas particulares refundido, incluíndo esta modificación.*

*Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP).*

*En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Teatro de Vigo por procedemento aberto anexado ó presente informe no que se modifica o apartado 6.C da FEC segundo a redacción establecida no fundamento xurídico cuarto do presente informe”.*

*2º.- Publicar o novo PCAP no perfil do contratante do Concello de Vigo, e anunciar no perfil, no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, a apertura o prazo de presentación de ofertas”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **8(482).- DESESTIMIENTO DOS LOTES 1 A 5 DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE VESTIARIO PARA O PERSOAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 71366/250.**

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 20.04.15, conformado polo concelleiro delegado de Contratación, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**



- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.*
- *Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.*
- *R.D. 773/1997, de 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á utilización polos traballadores de equipos de protección individual.*
- *Real Decreto 1407/1992, do 20 de novembro, polo que se regulan as condicións para a comercialización e libre circulación intracomunitaria dos equipos de protección individual.*

#### ANTECEDENTES

*O xefe de área de Fomento, en escrito de data 6 de abril de 2015, manifesta a conveniencia de propoñer ó órgano de contratación o desestímulo dos lotes 1 ao 5 do procedemento aberto para a contratación do subministro do vestiario para o persoal municipal do concello de Vigo 2014, por mor da existencia de diverxencias entre as características dos equipos de protección individual (EPI) esixidas no Prego de prescricións técnicas e as esixidas nas fichas de EPIS elaboradas polo servizo de Prevención de riscos laborais en cumprimento da normativa vixente nesta materia.*

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

*Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 8 de agosto de 2014, adoptou o seguinte acordo:*

*“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria para a contratación do subministro do vestiario para o persoal dependente do Concello de Vigo correspondente o ano 2014.*

*Segundo: Aprobar o prego de prescrición técnicas particulares para o subministro de vestiario para o persoal do concello de Vigo correspondente o ano 2014 redactado polo xefe de Area de Fomento e asinado con data 19 de xuño de 2014.*

*Terceiro: Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do subministro de vestiario para o persoal do concello de Vigo correspondente o ano 2014 redactado pola Xefa do servizo de contratación con data 18 de xullo de 2014.*

*Cuarto: Autorizar o gasto por un importe máximo de 357,920,00 €, sendo o importe correspondente ó IVE o de 62,118,35 €, con cargo a partida a 922.0.221.04.00 “Vestiario servizos municipais.*

*Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

Segundo.- Iniciado o procedemento de licitación, en data 21 de outubro de 2014 procedeuse a apertura das ofertas técnicas. A solicitude da Mesa de Contratación, as técnicas do servizo de Prevención de Riscos, en data 9 de marzo, informan sobre a seguridade das prendas. No seu informe manifestan o seguinte:

*“O SPRL-CV elabora e mantén actualizadas unhas fichas de EPI (das que se remite copia a cada xefe de servizo e aos delegados de prevención), que son actualizadas puntualmente en función da vixencia das normas UNE-EN-ISO, da revisión da avaliación de riscos de cada posto de traballo, da sinistralidade e dos controis periódicos das condicións de traballo realizados aos distintos servizos municipais. Cada ficha elabórase para cada servizo, posto de traballo e comprende a relación de EPI asociados ao dito posto, especificando:*

- as características técnicas que deben cumprir (en función dos resultados da avaliación de riscos concreta),*
- as normas UNE-EN-ISO vixentes baixo as que teñen que estar certificados,*
- as situacións do posto de traballo nas que o uso do EPI é recomendado ou obrigatorio,*
- unha estimación da periodicidade recomendada de entrega ou reposición.*

*O presente informe compara para cada servizo e posto de traballo os requirimentos técnicos recollidos nas citadas fichas elaboradas polo SPRL-CV, cos EPI presentados por cada licitador (segundo a documentación aportada por cada un deles no sobre B - documentación técnica- en diferentes soportes informáticos), seguindo a orde mantida no punto 4 do prego de condicións técnicas particulares: “DESCRIPCIÓN DAS CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DAS PRENDAS, CALZADO E OUTROS ELEMENTOS QUE CONFORMAN O VESTIARIO”.*

*Non serán obxecto de informe aquelas prendas incluídas dentro do Expte. 71366/250 “Prego de condicións técnicas particulares para o subministro do vestiario para o persoal municipal do concello de Vigo 2014”, que non teñan a consideración de EPI, segundo a definición establecida no R.D. 773/1997, de 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á utilización polos traballadores de equipos de protección individual, que non forman parte do ámbito competencial do SPRL-CV.*

*En cumprimento do establecido no punto 1 do anexo II do Real Decreto 1407/1992, do 20 de novembro, polo que se regulan as condicións para a comercialización e libre circulación intracomunitaria dos equipos de protección individual:*

*“1.3.1 Adaptación dos EPI e a morfoloxía do usuario.*

*“Os EPI estarán concibidos e fabricados de tal maneira que o usuario poida poñerllos o máis doadamente posible na postura axeitada e poidan manterse así durante o tempo que se estime levaranse postos, tendo en conta os factores ambientais, os xestos que se vaian realizar e as posturas que se vaian adoptar. Para iso, os EPI adaptaranse ao máximo á morfoloxía do usuario, por calquera medio adecuado como poden ser sistemas de axuste e fixación apropiados ou unha variedade suficiente de talles e números.”*

*Nos informes relativos os lotes 1 a 5 poñen de releve a existencia de contradicións entre os requirimentos do PPT con relación os EPIS e as fichas elaboradas polo servizo relativas ós mesmos.*

Solicitado informe a xefa do servizo de Recursos Humanos sobre estas contradicións manifesta, en data 19 de marzo de 2014, o seguinte:

*“A Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, establece no seu artigo 17 que:*

*“1. El empresario adoptará las medidas necesarias con el fin de que los equipos de trabajo sean adecuados para el trabajo que deba realizarse y convenientemente adaptados a tal efecto, de forma que garanticen la seguridad y la salud de los trabajadores al utilizarlos.*

*Cuando la utilización de un equipo de trabajo pueda presentar un riesgo específico para la seguridad y la salud de los trabajadores, el empresario adoptará las medidas necesarias con el fin de que:*

*a) La utilización del equipo de trabajo quede reservada a los encargados de dicha utilización.*

*b) Los trabajos de reparación, transformación, mantenimiento o conservación sean realizados por los trabajadores específicamente capacitados para ello.*

*2. El empresario deberá proporcionar a sus trabajadores equipos de protección individual adecuados para el desempeño de sus funciones y velar por el uso efectivo de los mismos cuando, por la naturaleza de los trabajos realizados, sean necesarios.*

*Los equipos de protección individual deberán utilizarse cuando los riesgos no se puedan evitar o no puedan limitarse suficientemente por medios técnicos de protección colectiva o mediante medidas, métodos o procedimientos de organización del trabajo.”*

*O artigo 4, apartado 8º da mesma norma establece que:*

*“Se entenderá por «equipo de protección individual» cualquier equipo destinado a ser llevado o sujetado por el trabajador para que le proteja de uno o varios riesgos que puedan amenazar su seguridad o su salud en el trabajo, así como cualquier complemento o accesorio destinado a tal fin.”*

*Por tanto, calquera adquisición de equipos de protección individual que se efectúe polo Concello de Vigo na súa condición de empregador deberá respectar os requisitos contemplados na norma xurídica indicada e demais normativa de concordante aplicación”.*

Terceiro.- A nosa lexislación contractual permite ó órgano de contratación desistir do procedemento, sempre que se cumpran os seguintes requisitos (artigo 155 TRLCSP):

1. Que se acorde polo órgano de contratación antes da adxudicación.
2. Que estea fundado nunha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación.
3. Que se xustifique no expediente a concorrencia da causa.

Analizaremos a continuación a concorrencia dos mesmos no suposto que nos ocupa:

- O presente procedemento aínda non está adxudicado.

- O desestimento ven determinado pola infracción non subsanable das normas de preparación do contrato. No PPT se esixen determinados requisitos para os EPIs que resultan contrarios ás fichas dos mesmos elaboradas polo Servizo de Prevención, e de obrigado cumprimento, consonte a Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais.
- Coa exposición da concorrencia desta causa se cumpriría o último dos requisitos legais para poder desistir dun procedemento de contratación.

A lexislación contractual impón a administración contratante a obriga de notificar o desestimento do procedemento ós candidatos ou licitadores participantes no mesmo (artigo 155.1 TRLCSP).

Cuarto.- O desestimento non impedirá a iniciación inmediata dun novo procedemento de licitación (artigo 155.4 LCSP).

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Declarar o desistimento dos lotes 1 a 5 do procedemento aberto para procedemento aberto para a contratación do subministro do vestiario do persoal municipal (expediente 71366-250).

2º.- Dar traslado do presente acordo ós licitadores que teñan presentado oferta neste procedemento.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(483).- DESESTIMENTO NO PROCESO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO EN RÉXIME DE ARRENDAMENTO DE DISPOSITIVOS DE IMPRESIÓN. EXPTE. 7075/113.**

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 20.04.15, conformado polo concelleiro delegado de Contratación, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Directiva 2004/18/CE do Parlamento europeo e do Consello, de 31 de marzo de 2004, sobre coordinación dos procedementos de adxudicación dos contratos públicos de obras, de fornecemento e de servizos (Directiva 2004/18/CE).
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

- *Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.*

#### **ANTECEDENTES**

*O xefe-axunto do servizo de Administración electrónica, en escrito de data 20 de abril de 2015, manifesta a conveniencia de propoñer ó órgano de contratación o desestímulo do procedemento aberto para a contratación do subministro de dispositivos de impresión en réxime de arrendamento por canto o modelo de proposición incluído no apartado 7.B.6 da Folla de especificacións do contrato (en adiante FEC) do PCAP non está redactado de xeito claro, e ten sido interpretado de xeito diferente polos licitadores admitidos no procedemento, resultando imposible harmonizar as diferentes ofertas de cara a valorar o criterio de adxudicación recollido no apartado 9.B.5 da FEC, "Prezo de equipamento a maiores do solicitado".*

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

*Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 21 de novembro de 2014, adoptou o seguinte acordo:*

- 1. Aproba-lo expediente de contratación por procedemento aberto do subministro de dispositivos de impresión en réxime de arrendamento que vai implantar no Concello de Vigo que contén o prego de prescricións técnicas de data 08/10/2014 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto de data 20/10/2014 .*
- 2. Aproba-lo gasto (...).*
- 3. Abrir-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista.*

*Segundo.- Iniciado o procedemento de licitación, en data 13 de febreiro de 2015 procedeuse a apertura das ofertas económicas. Tal e como manifesta o xefe-axunto do servizo de Administración electrónica, no seu escrito de data 20 de abril de 2015:*

*"Entre os criterios de adxudicación, no apartado 9.B.5 da FEC, se establece o "Prezo de equipamento a maiores do solicitado". No apartado 7.B.6 da FEC se fixa o modelo de proposición, que con relación a este criterio inclúe unha táboa cuxos campos son o prezo dos dispositivos de cada tipo solicitados en cada anualidade do contrato pero non se especifica o período temporal que cobre a cantidade que debe informar o licitador.*

*Os licitadores nas súas ofertas interpretaron de xeito diferente os valores solicitados. Así uns fixaron o prezo de cada anualidade completa, outros o prezo por mes dos dispositivos durante cada anualidade, e por último, outros consignaron o prezo total dos dispositivos ata a resolución do concurso.*

*Vista a diferenza de valores e unidades temporais tidas en contra por cada un dos licitadores , a mesa solicitou aclaracións ós mesmos.*

*No entanto, estas aclaracións non deberían ser tidas en contra por canto no momento de realizalas os licitadores xa coñecían as ofertas dos demais e contestaron en función de obter mellores puntuacións xa que as puntuación teñen como referencia a obtida pola mellor oferta que pode variar en función do período temporal informado polo licitador".*

*Terceiro.- A nosa lexislación contractual permite ó órgano de contratación desistir do procedemento, sempre que se cumpran os seguintes requisitos (artigo 155 TRLCSP):*

- 1. Que se acorde polo órgano de contratación antes da adxudicación.*
- 2. Que estea fundado nunha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación.*

3. Que se xustifique no expediente a concorrencia da causa.

Analizaremos a continuación a concorrencia dos mesmos no suposto que nos ocupa:

- O presente procedemento aínda non está adxudicado pola imposibilidade de valorar os criterios avaliados mediante fórmula das ofertas dos licitadores, polo que se cumprirá o primeiro destes requisitos.
- O desestímulo ven determinado pola infracción non subsanable das normas reguladoras do procedemento de adxudicación, en concreto, do criterio de adxudicación previsto no apartado 9.B.5 da FEC, que establece:

“Prezo de equipamento a maiores do solicitado: se valorará con ata 10 puntos

Se valorará o importe polo que o adxudicatario subministrará dispositivos de impresión a maiores dos ofertados se así o require o Concello, de acordo coa seguinte fórmula:

$$\sum (p_i * (VPM_{ij} / VP_{ij})) / 500$$

No modelo de proposición previsto no apartado 7.B da FEC, se establece con relación ó citado criterio de adxudicación que:

“5.- (O licitador) Se compromete a que os dispositivos de impresión que subministre terán as seguintes características de hardware:

Características / P <sub>i</sub>	Tipo dispositivo segundo PPT					
	Tipo 1	Tipo 2	Tipo 3	Tipo 4	Tipo 5	Tipo 6
Velocidade de impresión						
Memoria						
Capacidade carga de papel dos equipos						
Finalizadores, cargadores						
Velocidade de resposta á primeira impresión (en frío)						

Pois ben, tal e como manifesta o xefe-axunto do servizo de Administración electrónica no citado escrito, “os licitadores nas súas ofertas interpretaron de xeito diferente os valores solicitados. Así uns fixaron o prezo de cada anualidade completa, outros o prezo por mes dos dispositivos durante cada anualidade, e por último, outros consignaron o prezo total dos dispositivos ata a resolución do concurso”.

Á vista destas circunstancias non é posible harmonizar as ofertas e valoralas, polo que non resulta posible a adxudicación do contrato.

- *Coa exposición da concorrencia desta causa se cumpriría o último dos requisitos legais para poder desistir dun procedemento de contratación. O feito de fixar un criterio de adxudicación que non está redactado de xeito claro podería producir, de valoralo, desigualdades de trato entre os licitadores, pois a interpretación pola que se opte necesariamente beneficiaría a uns licitadores e prexudicaría a outros. Este resultado é contrario ós principios que rexen a nosa lexislación contractual. Efectivamente, tanto a lexislación comunitaria como a nacional establecen, entre outros, como principio da contratación pública o de igualdade de trato entre os candidatos así como a salvagarda da libre competencia (artigo 1 TRLCSP e 2 Directiva 2004/18/CE).*

*A lexislación contractual impón a administración contratante a obriga de notificar o desestimento do procedemento ós candidatos ou licitadores participantes no mesmo (artigo 155.1 TRLCSP).*

*Cuarto.- O desestimento non impedirá a iniciación inmediata dun novo procedemento de licitación (artigo 155.4 LCSP).*

*Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.*

*En mérito ó que antecede, Se Propón Á Xunta De Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“1º.- Declarar o desistimento no procedemento aberto para procedemento aberto para a contratación do subministro de dispositivos de impresión en réxime de arrendamento (expediente 7075-113).*

*2º.- Iniciar un novo procedemento para o subministro dos dispositivos citados no apartado anterior.*

*3º.- Dar traslado do presente acordo ós licitadores que teñan presentado oferta neste procedemento.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(484).- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS:**

A) ORECO S.A. EXPTE. 5105/241.

Visto o informe de fiscalización do 16.04.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 17.04.15, que di o seguinte:

*Examinado o expediente promovido por ORECO S.A. no que se solicita a devolución da fianza de 38.400 euros, constituída para responder das obras da 1ª Fase do Centro Galego de Fotografía, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:*

*“Devolver a ORECO S.A. a fianza de 38.400 euros, constituída para responder das obras da 1ª Fase do Centro Galego de Fotografía, xa que foron recibidas mediante acta de 12 de decembro de 2011, por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e transcorrer-lo prazo de garantía.”*

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### B) ORECO S.A. EXPTE. 5131/241.

Visto o informe de fiscalización do 16.04.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 17.04.15, que di o seguinte:

*Examinado o expediente promovido por ORECO S.A. no que se solicita a devolución da fianza de 18.137,55 euros, constituída para responder das obras de adaptación de locais para Biblioteca na rúa Martínez Garrido, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, propónse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:*

*“Devolver a ORECO S.A. a fianza de 18.137,55 euros, constituída para responder das obras de adaptación de locais para Biblioteca na rúa Martínez Garrido, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 23 de decembro de 2009, por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación, e transcorre-lo prazo de garantía.”*

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(485).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE CULTURA E BIBLIOTECAS DURANTE O MES DE MARZO DE 2015. EXPTE. 14983/331.**

Mediante escrito de data 15.04.15, en cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento, e do acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xuño de 2008, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, Cayetano Rodríguez Escudero, dá conta dos expedientes de gastos menor tramitados polo servizo de Cultura e Bibliotecas no mes de marzo de 2015, e que son os que deseguido se relacionan:

Nº EXP.	CONCEPTO	PERCEPTOR	CIF/NIF	IMPORTE
14938/331	Contratación dunha función do espectáculo “El Guardián de los cuentos” de La Tartana Teatro, o domingo 12 de abril, ás 18 horas, dentro da programación Vigocultura	TEATRO LA TARTANA S.L.	B82909094	2.299,00 €
14940/331	Contratación do deseño e impresión de material gráfico e publicitario da programación Vigocultura de música, teatro e danza no primeiro semestre do ano 2015	ECOVIGO PUBLICIDAD S.L.	B36614808	3.234,69 €



Nº EXP.	CONCEPTO	PERCEPTOR	CIF/NIF	IMPORTE
14941/331	Contratación dunha función do espectáculo "Doce cancións galegas" da soprano Begoña Salgueiro, o venres 15 de maio dentro da programación de música, teatro e danza, Vigocultura	BEGOÑA ESTÉVEZ SALGUEIRO	36153975E	2.609,80 €
14943/331	Contratación do servizo de venda de entradas da programación de música, teatro e danza Vigocultura no ano 2015	FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL (AFUNDACIÓN)	G70270293	4.000,00 €
14956/331	Reparación portas de cristal Casa Galega da Cultura	ALFREDO SANCHEZ PUIME	36030605R	707,85 €
14958/331	SUBMINISTRACIÓN E MONTAXE DE RESISTENCIAS CLIMATIZACIÓN CGC	VEOLIA SERVICIOS NORTE SAU	A15208408	177,27 €

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

#### **12(486).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE FESTAS DURANTE O MES DE MARZO DE 2015. EXPTE. 6089/335.**

Mediante providencia de data 15.04.15, en cumprimento do establecido na Base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo prorrogado para 2015, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, dá conta dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor no Servizo de Festas, autorizados polo concelleiro delegado de Cultura, Festas e Museos, o mes de marzo de 2015, que son os seguintes:

*Expte: 5993/335. CONTRATACIÓN DA REPARACIÓN E REVISIÓN DE VARAS NO AUDITORIO MUNICIPAL DA CASA DO CONCELLO*

*Decreto concelleiro data: 09/03/2015*

*Informe Intervención: RCM 17781*

*Adxudicatario: BAEZA METAL SL*

*Importe total: 4.350,00 EUROS*

*Expte: 6013/335. CONTRATACIÓN DAS EXHIBICIÓNS DE DANZA URBANA VIKUL PARA O PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2015*

*Decreto concelleiro data: 16/03/2015*

*Informe Intervención: RCM 19551*

*Adxudicatario: ASOCIACIÓN ARTÍSTICA Y CULTURAL PARA LA PROMOCIÓN DE LA DANZA Y OTRAS ARTES ESCÉNICAS CORREOMAGAZINE*

*Importe total: 7.000,00 EUROS*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

**13(487).- DEVOLUCIÓN DE AVAL CONSTITUÍDO COMO GARANTÍA DO ACOPIO DE MATERIAIS PARA A OBRA DE REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL DAS TRAVESAS". EXPTE. 13166/333.**

Visto o informe de fiscalización do 7.04.15, e o informe xurídico do 17.04.15, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD- Xefe da Unidade Técnica, do 21.04.15, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e a concelleira-delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 18 de xullo de 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de contratación para a execución das obras do proxecto básico e de execución de xecución das obras de "REFORMA DUN CAMPO DE FÚTBOL EN AS TRAVESAS"-lote 1 (expte 13166-333), expediente que se tramita como investimento derivado da aplicación do superávit sec-95 da liquidación do ano 2012.*

*Tamén a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 7 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou a adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de "REFORMA DUN CAMPO DE FÚTBOL EN AS TRAVESAS"-lote 1, a favor da C.D. INDEPO, S.L., por un prezo total de 159.100,48 euros (IVE incluído).*

*Con data 13 de novembro o Concello de Vigo, asina o contrato coa mercantil C.D. INDEPO, S.L., para a execución das obras de "REFORMA DUN CAMPO DE FÚTBOL EN AS TRAVESAS", a favor da mercantil INDEPO, S.L., por un prezo total de 159.100,48 euros (IVE incluído).*

*Con data 9/12/2014 se asina a acta de comprobación do replanteo, co cal se da inicio a execución da obra.*

*Posteriormente, o 24/11/2014, a Xunta de Goberno Local acorda nomear como Director Facultativo da obra a: D. Miguel Porras Gestido, D.N.I. 36.106.078-B, Arquitecto Colexiado Nº 2543 de Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.*

*Con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello 19/12/2014 a mercantil C.D. INDEPO, S.L., contratista da execución das obras do proxecto de "REFORMA DUN CAMPO DE FÚTBOL EN AS TRAVESAS"-LOTE 1 EXPTE 13166-333, solicita se lle autorice a percibir a conta o 75% do valor dos materiais acopiados necesarios para executalas, por importe de 102.040,14 € (I.V.E incluído).*

*A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente do 26/12/2014, autoriza o aboamento á conta de materias acopiados para a execución das ditas obras (expte 13752-333). Con carácter previo á aprobación da certificación e da correspondente fra, o contratista, C.D. INDEPO, S.L., constituíu garantía (documento CVD nº 201400088128 por importe de 99.672,22 €).*

*Con data 29/12/2014, tramítouse a certificación nº 1, por importe de 99.672,22 €, para o acopio do material necesario para a obra de reforma do c.f de As Travesas, de acordo co acordo da Xunta de Goberno Local, indicado no parágrafo precedente.*

*Con posterioridade tramitáronse as certificacións seguintes:*

- Certificación nº 2 (fra nº 02614 de 22/12/2014), por importe de 2.872,85 €.
- Certificación nº 3, de data 12/02/15, por importe de 0 €, xa que ao importe total da mesma de 102,040,14 €, dedúceselle o certificado na cert. Nº 1, en relación dos materiais acopiados.
- Certificación nº 4 (fra nº 3 de 27/02//15), por importe de 48.953,74 €.

O director facultativo da obra D. Miguel Porras Gestido, emite informe de data 19 de marzo, favorable á devolución do aval solicitado, en base a que os materias obxecto da certificación por acopios, teñen sido instalados na obra e executados a satisfacción da dirección facultativa.

Por último, o 7/04/2015, previa petición desta concellería, o Interventor Xeral emite informe favorable á devolución solicitada. Tamén, o día 17 de abril, o Secretario de Administración Municipal emite informe positivo para a dita devolución.

Polo exposto, o técnico que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

*“Devolver a C.D. Indepo, S.A. (CIF B36956464) a garantía constituída para responder do acopio de materiais para a execución das obras de reforma do campo de fútbol de As Travesas (expte 13166-333 lote nº 1) ,por unha contía de 99.672,22 €, segundo a carta de pagamento “OVCD” nº 201400088128 de data 19/12/2014”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **14(488).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA “VIGO EN INGLÉS 2015”. EXPTE. 16073/332.**

Visto o informe xurídico do 9.04.15 e o informe de fiscalización do 17.04.15, dáse conta do informe-proposta do técnico do Servizo de Educación, do 16.04.15, conformado pola concelleira de Educación e a concelleira de Economía e Facenda, que di o seguinte:

*Seguindo instrucións da Concelleira-Delegada de Educación, tramítase o presente expte para a modificación do contrato para o desenvolvemento do Programa Municipal de Inmersión en Lingua Inglesa “VIGO EN INGLÉS 2015”, baseado fundamentalmente nas seguintes razóns de interese público:*

- *Nun mundo globalizado como o actual, está fóra de toda dúbida a vital importancia da formación en idiomas estranxeiros, sendo a competencia en lingua inglesa do alumnado vigués manifestamente mellorable. O programa municipal “Vigo en Inglés 2015” mellora o coñecemento e a práctica da lingua inglesa da poboación estudiantil de Vigo, constituíndo un valor engadido e factor determinante no futuro acceso ao mercado laboral, porque incide claramente na maior cualificación e formación deste alumnado para facer fronte aos retos da sociedade global. É dicir, prepara aos nosos estudantes para os desafíos dunha mobilidade internacional no mercado de traballo, satisfacendo a necesidade dunha sociedade plurilingüe e tentando evitar os perigos que pudiera ocasionar a marxinación daquel alumnado que non posúa as destrezas necesarias para ter a maior fluidez, manexo e dominio da lingua inglesa.*

- *Esta acción municipal permite mellorar significativamente a aprendizaxe e competencia en lingua inglesa do alumnado da nosa cidade, ao favorecer a súa integración completa nun ámbito internacional (High School, familia de acollida inglesa e localidade de fala inglesa) durante unha estadía prolongada, sendo este tempo de exposición do alumno/a á lingua inglesa un medio ideal para a súa aprendizaxe práctica en contextos reais 24 horas ao día, perfeccionando as habilidades comunicativas de comprensión e expresión oral na lingua inglesa. En consecuencia estas estadías lingüísticas de 3 semanas previstas en Reino Unido e/ou Irlanda no marco do programa “VIGO EN INGLÉS 2015”, posúen un gran valor formativo e resultan un complemento idóneo para conseguir unha maior fluidez na lingua inglesa e potenciar a capacidade comunicativa na mesma.*
- *Para o alumnado vigués participante esta mellora da competencia en lingua inglesa, facilita o acceso a posteriores estudos universitarios en campus europeos e posibilita máis saídas profesionais, especialmente en empregos con proxección internacional.*
- *Con esta iniciativa formativo-lingüística municipal, o Concello de Vigo promove un conxunto de medidas a prol da inmersión lingüística e o dominio da lingua inglesa no alumnado da nosa cidade, que concorda coas recomendacións do Consello de Europa en materia de linguas; dado que o coñecemento dun idioma distinto ao do propio contribúe de forma esencial á formación integral do alumnado, e a súa aprendizaxe se ten convertido nun obxectivo fundamental, tanto porque favorece a libre circulación e a comunicación como por esixencias do mercado de traballo. Ata tal punto é así que a Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa LOMCE (BOE nº 295 do 10/12/2013), que modifica a Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación (LOE), no seu preámbulo XII indica que o dominio dunha 2ª ou incluso 3ª lingua estranxeira se amosa como unha das principais carencias do noso sistema educativo, polo que propón a adquisición dunha competencia plurilingüe, redobrando esforzos para que o alumnado se desenvolva con fluidez nunha primeira lingua estranxeira, cuxo nivel de comprensión oral e lectora e de expresión oral e escrita vai a resultar decisivo para a súa futura inmersión laboral nunha sociedade globalizada.*
- *O programa “Vigo en Inglés 2015” estimula no alumnado participante unha educación plurilingüe e intercultural, mediante a inmersión e práctica da lingua inglesa e a súa utilización en entornos comunicativos reais, sendo esta formación lingüística complementada con actividades non so académicas, senon de índole cultural, deportivo, tempo libre, obradoiros, coñecemento aspectos socioculturais... cuxa finalidade é promover a convivencia e comunicación co alumnado inglés. Polo tanto, comunicación práctica, integración e interculturalidade son aspectos básicos que promove este programa municipal, que sen dúbida algunha facilitará a construción e desenvolvemento colectivo dunha sociedade máis xusta e equitativa que evoluciona e progresa na igualdade de oportunidades e respecto e comprensión doutras culturas.*

*A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 08 de agosto de 2014, adoptou o acordo de adxudicar a “Newlink Education, S.L” o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en período lectivo nun High School “VIGO EN INGLÉS” (expte. 16073-332) por un prezo total de 1.359.810.-€; de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas aprobado por acorda da Xunta de Goberno Local de 13 de xuño de 2014 e a oferta presentada. Segundo contrato formalizado entre o Concello de Vigo e a empresa adxudicataria, o prazo do contrato é de dous anos contados dende o 07 de outubro de 2014.*

*Igualmente a cláusula 16 da FEC incluída no PCAP, prevé a posibilidade da modificación do contrato, co límite máximo do 20% do prezo do contrato, determinada por circunstancias como a*

demanda de prazas ofertadas, e o conseguinte incremento do número total de alumnos/as beneficiarios/as. O prezo do contrato se fixa tomando como referencia o custo/alumno de 2.344,50.-€ (para 290 alumnos na oferta inicial + 10 alumnos incremento a maiores como mellora) que se recolle na proposta económica do adxudicatario "Newlink Education, S.L".

Logo da entrada en vigor da Lei 27/2013 de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL) que modifica o artigo 25 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), o Concello na xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias pode promover actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, e en canto ao exercizo das competencias municipais propias que exercerán as administracións locais nas distintas materias, cita textualmente as seguintes:

- Artigo 25.2.h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.
- Artigo 25.2.l) Promoción da ocupación do tempo libre.
- Artigo 25.2.m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.

Consonte a este marco de responsabilidade competencial obrigatorio e propio das Entidades Locais citado anteriormente, é vontade expresa do Concello de Vigo en función das políticas de promoción cultural e de ocupación do tempo libre que o goberno local considera apropiadas e, conforme ás súas prioridades programáticas; promover unha nova edición do programa municipal de inmersión en lingua inglesa mediante integración escolar en periodo lectivo nun High School (VIGO EN INGLÉS 2015), que nas súas edicións anteriores ten acadado excelentes resultados de satisfacción e ten permitido mellorar a capacitación en lingua inglesa do alumnado vigués. Elo ten permitido converter aos alumnos/as beneficiarios/as de 4º da ESO dos centros educativos sostidos con fondos públicos do Concello de Vigo, ao entrar e contacto con outras culturas e realidades sociais no seu tempo libre, en verdadeiros promotores e embaixadores da identidade cultural e turística da cidade de Vigo. Para elo, toda a equipa de monitores e alumnos/as participantes no programa "VIGO EN INGLÉS 2015" estarán uniformados con camisetas alusivas á promoción cultural da cidade de Vigo que utilizarán no desenvolvemento do programa formativo nas localidades de inmersión e integración lingüística, e achegarán ao persoal educativo dos High Schools, ás familias de acollida en destino e autoridades locais, distinto soporte documental específico (posters, folletos, dípticos culturais e turísticos da cidade de Vigo).

Neste senso, e seguindo instrucións da Concelleira de Educación, tramítase o presente expte para a modificación do actual contrato de "Vigo en Inglés" (expte. 16073-332) que implica un incremento económico dun máximo dun 20% sobre o prezo do contrato (1.359.810.-€), é dicir de 271.962.-€ e o aumento na oferta da convocatoria de 116 beneficiarios/as máis (116 x 2.344,50.-€ custo/alumno) , todo elo coa finalidade de tentar dar resposta á considerable demanda que está a ter esta iniciativa didáctica municipal, que na anterior edición de 2014 deixou un total de 36 alumnos/as na lista de agarda da rede pública e un total de 124 alumnos/as na lista de agarda da rede concertada, consonte ao acordo da Xunta de Goberno Local de 18 de xullo de 2014 no que se aprobaron as listas definitivas do programa de inmersión lingüística "Vigo en Inglés 2014" (expte. 16041-332).

Consonte ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria e urxente do 11/03/2015 aprobou as "Bases e convocatoria 2015 para a adxudicación de prazas para a participación no programa de inmersión en lingua inglesa (Vigo en Inglés 2015) dirixidas ao alumnado de 3º de ESO dos centros educativos de Vigo sostidos con fondos públicos" (expte 16838-332) ; e aprobouse a modificación orzamentaria 15/15 contida no expte administrativo nº 16839-332 para a transferencia de crédito de 271.962.-€ da partida 3210.622.00.03 "Construcción Escola Infantil Navia" á partida 3260.227.99.17 "Programa Educativo Aulas Internacionais".

Este incremento de gastos na partida de Aulas Internacionais é explícitamente para tentar atender á importante demanda que se ven producindo no programa “Vigo en Inglés” con elevadas listaxes de agarda de solicitantes de alumnado da rede pública e rede concertada, e para tentar paliar este aspecto, aumentar en 116 prazas o número de prazas dispoñibles no citado programa municipal para esta edición 2015.

O contrato en vigor do programa municipal “Vigo en Inglés” (expte. 16073-332), posibilita concretar una oferta inicial na convocatoria 2015 de 300 prazas, e polo tanto, trasládase a “Newlink Education, S.L”, a posibilidade de tramitar un incremento económico do contrato vixente en 271.962.-€ para aumentar en 116 o número de prazas que se ofertan, o que implicará chegar a un total máximo de 416 prazas dispoñibles na convocatoria do 2015.

Con este propósito, e á instancia do requerido por parte de este Servizo Municipal de Educación, a empresa adxudicataria “Newlink Education, S.L”, achega ao presente expediente a través do rexistro municipal en data 23/03/15 e co nº de doc 150034383 proposta técnica revisada para a modificación do contrato, que se corresponde principalmente co incremento económico solicitado polo Concello, e no que manifesta a súa conformidade para atender de forma satisfactoria na edición “Vigo en Inglés 2015” este incremento de 116 beneficiarios/as nas mesmas condicións contractuais respecto do programa orixinal para os 300 alumnos/as beneficiarios/as da edición 2014.

O incremento de 116 prazas máis para a participación de alumnado beneficiario na edición de VIGO EN INGLÉS 2015, segundo desglose da aplicación do custe unitario por alumno ás novas 116 prazas, refírese exclusivamente ao aumento de 300 a 416 alumnos beneficiarios/as e se inclúe nas páxinas 30 á 32 da citada proposta técnica revisada.

Á vista do anteriormente expresado, e tendo en conta a modificación recollida na proposta técnica revisada que obra no expediente, tras o preceptivo informe de asesoría xurídica e da intervención municipal, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local acordar o seguinte:

1. Aprobar a modificación do contrato para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en periodo lectivo nun High School “VIGO EN INGLÉS 2015” (expte. 16073-332), adxudicado á empresa “Newlink Education, S.L”, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 08 de agosto de 2014, polo incremento de 116 prazas no programa que pasarán de 300 a 416 alumnos beneficiarios/as; conforme ao proxecto técnico revisado presentado pola empresa adxudicataria “Newlink Education, S.L” que obra no expediente.
2. Aprobar o incremento de gasto do contrato “Vigo en Inglés 2015” (expte 16073-332) en 271.962,00.-€, con cargo á partida 3260.227.99.17 do vixente presuposto “Programa Educativo Aulas Internacionais”, sendo o prezo total actualizado do contrato para 2015 de 951.867,00.-€
3. Previamente á formalización da modificación do contrato, “Newlink Education, S.L” deberá reaxustar a garantía definitiva polo importe de 13.598,1.-€ (correspondente ao 5% do valor do incremento da modificación do contrato)
4. A modificación do contrato deberá formalizarse en documento administrativo.

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(489).- RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA A APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO DE ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO. EXPTE. 11743/77.**

Visto o informe xurídico do 16.04.15, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 17.04.15, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

*Dona Agueda Ofelia Blanco Pérez, con NIF 53113824Q, e domicilio a efectos de notificación na rúa Pozo Negro, nº 70 de Moaña, código postal 36950, con data 26/03/2015 e número de documento 150036246, ten presentado polo rexistro xeral municipal recurso contra as BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIONS DE FOMENTO DE EMPREGO A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO, correspondentes ao ano 2015, en base a que “se está vulnerando el principio general de igualdad de trato en el acceso al empleo y la libre circulación de trabajadores por todo el territorio nacional, al exigir a las entidades sin ánimo de lucro, subvencionadas con dinero público, la contratación en EXCLUSIVIDAD de los ciudadanos empadronados en el concello de Vigo desde el 1 de enero de 2014”, e solicita, que sean revisadas, modificadas ou eliminadas os seguintes puntos:*

*–Facilitar a adquisición de experiencia laboral a persoas en situación de desemprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia.*

*–Fomentar a contratación exclusivamente de persoas empadroadas no Concello de Vigo, cando menos desde o 1 de xaneiro de 2014.*

*Tendo en conta que o mencionado recurso conforme ao establecido na Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, a solicitude:*

*Está presentado en tempo e forma.*

*Está identificada a interesada co seu nome e apelidos*

*Identifica o lugar sos efectos de notificacións.*

*Detalla os feitos, razóns e petición en que se concrete, con toda claridade.*

*Lugar e data de presentación.*

*Sinatura da solicitante*

*Organo á que se dirixe.*

#### **ANTECEDENTES:**

- A convocatoria de subvencións para o “fomento do emprego de entidades sin ánimo de lucro”, e aprobada pola Xunta de Goberno Local de data 20/02/2015, realizada pola Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás entidades sin ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, social, sindical, as comunidades de montes e as entidades empresariais, constituídas legalmente como tales, para o fomento do emprego entre os veciños e veciñas de Vigo, de tal xeito que nestes anos de crise, se poidan acadar mediante a contratación directa o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de desempregados e desempregadas na nosa cidade, unha*

das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coas organizacións con presenza na cidade de Vigo, de tal xeito que se mellore a prestación de servizos de información, formación e asesoramento as persoas en situación de desemprego cara a búsqueda de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

- A Base PRIMEIRA, establece entre os seus obxectivos:
  - 1.- A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego e da participación cidadá, en particular:
    1. Facilitar a adquisición de experiencia laboral a persoas en situación de desemprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia.
    2. Fomentar a contratación exclusivamente de persoas empadroadas no Concello de Vigo, cando menos desde o 1 de xaneiro de 2014.

Considerando que o poñer como condición ás entidades beneficiarias que o persoal que contraten teña que cumprir co requisito de estar empadroadado é unha condición necesaria para cumprir a finalidade da convocatoria dentro do marco competencial municipal o funcionario que subscribe, tendo en conta as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propón á consideración da Xunta de Goberno Local á adopción do seguinte acordo:

Primeiro. Desestimar o recurso potestativo de reposición presentado por Águeda Ofelia Blanco Pérez, contra a convocatoria da subvención para o fomento do emprego das entidades sen ánimo de lucro, aprobadas pola a Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 20 de febreiro de 2015 .

Segundo. Notificar o presente acordo á interesada aos efectos oportunos, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer unicamente recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **16(490).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE CONTENERIZACIÓN SOTERRADA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 5373/252.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 15.04.15, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Limpeza do 10.04.15, conformado polos concelleiros delegados de Limpeza e de Facenda e polo asesor xurídico do Área de Fomento, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

- En data 19 de abril do 2013 a Xunta de Goberno Local acordou adxudicar á mercantil ECO-LIMSISTEM S.L., o Contrato Maior de Servizos para o mantemento e reparación das instalacións de contenerización soterrada do Concello de Vigo, por un prezo total de 111.932,73 euros (ive 10% engadido). A duración do contrato é de dous anos polo que o prezo anual resulta en 55.966,37 € ive engadido.



- Conforme ao punto 4 apartado C) do Anexo II (follas de características do contrato, FEC) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen o contrato, o prazo deste pódese prorrogar por un ano adicional.
- En data 29 de abril do 2013 asinouse o contrato, iniciándose a prestación do servizo o día 1 do mes seguinte (1 de maio do 2013) conforme á cláusula 4ª.
- En data 28 de novembro do 2014 a Xunta de Goberno Local acordou revisar o prezo do Contrato conforme ao establecido no punto 3 apartado J) das FEC, fixando o novo prezo para o período do 1 de maio do 2014 ata o 30 de abril do 2015 na cantidade de 56.489,65€/ano IVE do 10% engadido.
- En data 20 de xaneiro do 2015 a Administradora da empresa contratista solicitou a este Concello (Doc 150008005 de data de rexistro 22/01/2015) lle sexa concedida a prórroga do contrato por un ano adicional. Documento que consta no presente expediente.

#### PARTE EXPOSITIVA

Dado que a duración do contrato é de dous anos prorrogables, a prestación iniciada o día 1 de maio do 2013 rematará o día 30 de abril do ano 2015. Non entanto, conforme ao recollido no Prego de Prescricións Administrativas Particulares, unha vez concluído este se permite unha prórroga de un ano adicional, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, e sempre que o contratista non se opoña á mesma cunha antelación de cinco meses contada dende o vencemento do contrato, como é neste caso pola solicitude referida no punto 5 dos antecedentes.

Aos efectos da xustificación da prórroga anual do contrato de mantemento e reparación das instalacións de contenerización soterrada do Concello de Vigo, cabe indicar que o Servizo estase prestando por parte da empresa ECOLIMSISTEM S.L., conforme ás especificacións establecidas nos pregos de prescricións técnicas e administrativas particulares que rexeron o concurso e ás disposicións legais vixentes en cada momento, polo que o servizo se presta a completa satisfacción deste Concello.

No que respecta á contía económica que corresponde consignar para a anualidade da prórroga, conforme ao prezo aprobado polo Órgano de Contratación Municipal en data 28 de novembro do ano 2014, este é de 56.489,65€/ano ive 10% engadido, imputable á partida 1621..2270013 "reparación e mantemento de colectores soterrados" do vixente orzamento municipal. Este prezo debe repartirse proporcionalmente conforme ás mensualidades de cada ano natural da prórroga, polo que resulta:

- |             |                              |           |       |             |
|-------------|------------------------------|-----------|-------|-------------|
| • Ano 2015: | 8 meses (de maio a decembro) | 56.489,65 | 8/12= | 37.659,77 € |
| • Ano 2016: | 4 meses (de xaneiro a abril) | 56.489,65 | 4/12= | 18.829,88 € |

Procederá a oportuna revisión ordinaria do prezo do Contrato conforme ao establecido no contrato que será tramitada con posterioridade á aprobación da prórroga.

Á vista das anteriores consideracións, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte ACORDO:

Autorizar a prórroga anual do Contrato Maior de Servizos para o mantemento e reparación das instalacións de contenerización soterrada do Concello de Vigo, do que é contratista a empresa ECOLIMSISTEM S.L., cun prezo de 56.489,65€ ive 10% engadido, que deberá imputarse á partida 1621..2270013 "reparación e mantemento de colectores soterrados" do vixente orzamento municipal.

*A prórroga comprenderá o período que media entre o día 1 de maio do ano 2015 e o día 30 de abril do ano 2016, e o prezo desglosado por anualidades será de 37.659,77 € para 8 mensualidades do ano 2015 e 18.829,88 € para 4 mensualidades do ano 2016.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **17(491).- PROTOCOLO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA “APEGO” DIRIXIDO A FOMENTAR E MELLORAR A TRANSMISIÓN DO GALEGO. EXPTE. 1923/334.**

Visto o informe xurídico do 13.04.15, dáse conta do informe-proposta da técnica do Servizo de Normalización Lingüística, do 14.04.15, conformado pola concelleira de Normalización Lingüística, que di o seguinte:

*Consonte co informe do Sr. Secretario do Goberno Local, solicitamos á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:*

*“A aprobación do Protocolo de colaboración para a organización do programa “APEGO” dirixido a fomentar e mellorar a transmisión do galego.*

#### **PROTOCOLO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA “APEGO” DIRIXIDO A FOMENTAR E MELLORAR A TRANSMISIÓN DO GALEGO**

*En Santiago de Compostela, o de marzo de 2015, reúnen-se os representantes dos concello que a seguir se relacionan:*

*Concello de Baña  
Concello de Carballo  
Concello de Carnota  
Concello de Ferrol  
Concello de Narón  
Concello de Negreira  
Concello de Ourense  
Concello de Pontevedra  
Concello de Redondela  
Concello de Rois  
Concello de Santiago de Compostela  
Concello de Vigo*

*En virtude da súa representación recoñécense mutuamente capacidade abonda para asinar este protocolo e*

#### **EXPOÑEN**

*Que a Lei 3/1983 de normalización lingüística, no seu artigo 25, prevé que as corporacións locais fomenten a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras.*

*Que o Plan xeral de normalización da lingua galega aprobado polo Parlamento de Galicia sinala como obxectivo o de fomentar a transmisión da lingua galega no ámbito familiar. Así mesmo, o documento atribúelle á Administración local un papel axente no proceso e asígnalle o obxectivo de consolidar a súa acción normalizadora e incluír a promoción do galego no concepto de servizo que os concellos lle ofrecen á cidadanía.*

*Que, ao abeiro do anterior, da demais lexislación aplicable, como a Lei de uso do galego polas corporacións locais, e dos plans e normas que en moitos casos aprobaron os plenos respectivos, estes concellos veñen desenvolvendo liñas de actuación, de xeito autónomo ou en colaboración con outras entidades, destinadas a promover o uso da lingua galega na sociedade, dentro das cales se inclúe o obxecto deste protocolo.*

*Que, ante a perda da transmisión interxeracional da lingua e as dificultades para a socialización en galego desde a primeira infancia, desde os concello que asinamos este protocolo de colaboración consideramos fundamental a nosa implicación para mudar esta situación, procurando o incremento da porcentaxe de nenos e nenas que adquiren o galego como lingua inicial e promovendo que o usen de maneira habitual.*

*Con base nestas consideracións*

#### ACORDAN

*Primeiro*

*Asinar este protocolo de colaboración para a organización conxunta e coordinada dun programa para fomentar e mellorar a transmisión da lingua galega baixo o título xeral de "Apego" que se desenvolverá nos concellos asinantes.*

*Segundo*

*É obxectivo do programa Apego incrementar a porcentaxe de nenos e nenas que adquiren o galego como lingua inicial e promover que o usen de maneira habitual.*

*Terceiro*

*De cara a cumprir estes obxectivos organizaranse coordinadamente accións dirixidas ao ámbito familiar, educativo (infantil), de conciliación e de ocio que procuren, para cada un deles:*

- Dar a coñecer os argumentos que recomentan o uso do galego coas crianzas e facilitar o acceso aos recursos, redes, materiais, servizos, etc., que resulten coherentes co obxectivo sinalado.*
- Sensibilizar sobre a importancia do legado lingüístico que recibimos e as responsabilidades na súa transmisión á vez que se reforzan os usos positivos de cara ao seu mantemento e aumento.*
- Aumentar o uso do galego no contexto familiar e social dos nenos e nenas nas primeiras idades.*

*Estas accións serán deseñadas conxuntamente polos concellos participantes de cara a unificar a súa imaxe e o seu desenvolvemento malia que en cada caso se adapten ás circunstancias concretas.*

*A posta en marcha do programa incluírá, cando menos, as seguintes accións:*

- *Deseño dunha imaxe común para todo o programa.*
- *Edición dunha campaña informativa con material distribuíble nos espazos que habitualmente atenden ao embarazo e adopción.*
- *Edición dunha caixa para entregarlles ás embarazadas para preparar a acollida das crianzas. Conterá un libro informativo, un álbum de lembranzas, un medidor, un adhesivo para o vehículo e un apego.*
- *Edición dun CD de acollida para os novos nacementos (e adopcións) cunha selección de música que acaia aos diferentes momentos da crianza.*
- *Creación dunha rede coas familias interesadas en recibir información e recursos de apoio para a crianza en galego.*
- *Creación dun espazo-web para informar do desenvolvemento do programa e aglutinar o acceso a información, recursos e redes de apoio á transmisión da lingua.*
- *Obradoiros formativos para os diferentes colectivos atinxidos no programa.*

#### *Cuarto*

*A interlocución necesaria para a xestión e organización de todo o proxecto realizarase a través dos servizos de normalización lingüística de cada concello.*

#### *Quinto*

*A imaxe que se deseñe para o proxecto será propiedade mancomunada dos concellos participantes. A súa utilización de maneira individualizada por cada un deles deberá ser coherente cos obxectivos do programa. Tanto nos materiais como nas actividades organizadas ao abeiro deste programa procurarase facer constar a colaboración do resto do conxunto dos concellos.*

#### *Sexto*

*O programa Apego nace con vocación de continuidade polo que, logo da primeira edición correspondente ao exercicio 2015 entenderase prorrogado tacitamente este protocolo.*

*Calquera dos concellos asinantes poderá acordar a súa exclusión do acordo e deberá comunicarllela aos demais antes de iniciar o novo exercicio co fin de que se poidan realizar os axustes que sexan precisos.*

*Do mesmo xeito, poderán sumarse máis concellos participantes mediante unha addenda a este protocolo que deberá ser asinada por todos os parceiros.*

#### *Sétimo*

*Os concellos asinantes acordan crear unha comisión de seguimento que se ocupe do desenvolvemento do programa e da súa avaliación. Estará formada por cadanseu responsable político e técnico da área de normalización en cada concello.*

#### *Oitavo*

*Todos os documentos e materiais que se deriven desta relación entre os concellos, así como da que se estableza con outras entidades ou empresas con este motivo redactaranse en lingua galega, así coma toda presenza pública (rótulos, indicadores, publicidade de calquera tipo e en calquera medio, etc.) que as partes realicen referente ao asunto obxecto deste protocolo.*

#### *Noveno*

*Para a efectividade deste protocolo, cada concello deberá tomar os acordos que correspondan consonte a normativa, nomeadamente no que toca á disposición dos gastos necesarios. En caso de que algún concello non complete este proceso, os demais parceiros non quedarán obrigados a asumir a súa partes.*

*En proba de conformida e para a debida constancia, asinan este protocolo en doce exemplares e no lugar e data sinalados no comezo.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **18(492).- SOLICITUDE DE ASISTENCIA DO XEFE DO SERVIZO DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS AO “42 CONGRESO NACIONAL DE PARQUES E XARDÍNS PÚBLICOS” A REALIZAR EN OVIEDO DO 25 AO 27 DE MARZO DE 2015. EXPTE. 7951/446.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, do 17.04.15, conformado polo concelleiro-delegado de Parques e Xardíns, que di o seguinte:

*O Xefe do Servizo de Montes, Parques foi autorizado en Xunta de Goberno Local de data 25 de marzo de 2015 a asistir ao “42 Congreso Nacional de Parques y Jardines Públicos” que se celebrou na cidade Oviedo do 24 ao 28 de marzo do presente ano, por necesidades do Servizo non puido asistir a dito Congreso.*

*Por elo este Servizo da conta a Xunta de Goberno Local de:*

- Dar conta a Xunta de Goberno Local da non asistencia do Xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns ao “42 Congreso Nacional de Parques y Jardines Públicos” que se celebrou na cidade Oviedo do 24 ao 28 de marzo do presente ano, por necesidades do Servizo.*
- Da anulación das operacións contables relacionadas coa asistencia ao Congreso (gastos de locomoción, inscrición ao Congreso e dietas)*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

#### **19(493).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA AVCD. MONTE DA MINA PARA AXUDAR COS GASTOS DE MANTEMENTO DA ENTIDADE PARA O DESENVOLVEMENTO DAS SÚAS ACTIVIDADES ENTRE OS MESES DE XANEIRO E OUTUBRO E PARA A COORDINACIÓN E XESTIÓN DO VIVEIRO DE ASOCIACIÓNS. EXPTE. 6987/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 7.04.15, e o informe de fiscalización de data 14.04.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Xestión de Participación e Atención Cidadá, do 27.03.15, conformado polo xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, o concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, e a concelleira de Economía e Facenda, que di o seguinte:

## ANTECEDENTES

Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo do 13/03/2015, D<sup>a</sup> Juan Freiría Barros, en calidade de presidente da A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos (CIF: G-36623593), segundo certificación do secretario da entidade de data 09/03/15, achegou escrito (doc. 150031044), solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para contribuír aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidades programados para o ano 2015, a realizar entre os meses de xaneiro a outubro, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións nas súas instalacións.

Conforme a solicitude data 09/03/15, será competente para a sinatura do convenio o presidente da asociación, de conformidade co art. 19 dos seus Estatutos "...exercerá con plenas atribucións a representación da mesma".

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### 1. NORMATIVA APLICABLE

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRXAP-PAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL) e Real Decreto 500/1990
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALG)
- Regulamento de Servizos das Corporacións Locais aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)
- Bases de execución do presuposto, aprobado por acordo plenario de 13/06/2014 (expte: 27/142) e prorrogado en virtude de resolución do Alcalde de data 22 de decembro de 2014.
- Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de data 26/03/1992, modificado por acordo de 31/03/1993

### 2. COMPETENCIA MUNICIPAL

*A Constitución proclama, no seu artigo 137, que os municipios gozan de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses. Deste xeito, un dos piares fundamentais da autonomía local é de carácter obxectivo ou material, e se concreta na clara atribución e determinación de competencias do ente local.*

*En virtude da competencia estatal sobre as bases do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o sistema de determinación das competencias locais, ven regulado, a nivel básico, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBR), nos seus artigos 2, 7, 25, 26 e 27, na redacción dada aos mesmos pola Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da Administración Local.*

*O artigo 2 da citada norma dispón que, para a efectividade da autonomía local constitucionalmente garantida ás Entidades Locais, as leis do Estado ou das Comunidades Autónomas, reguladoras dos distintos sectores da acción pública, segundo a distribución constitucional de competencias, deberán asegurar aos municipios o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten ao seu círculo de intereses, atribuíndolles as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública e a capacidade de xestión da Entidade Local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia e con estrita suxeición á normativa de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.*

*A lei distingue tres tipos de competencias: as propias (artigos 7.2 e 25), as delegadas (7.3 e 26) e as distintas das anteriores que, segundo o artigo 7.4 só poderán exercerse cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da facenda local e non se incorra nun suposto de execución do mesmo servizo simultaneamente con outra Administración Pública.*

*Ademais, a teor do disposto no art. 25.1 da LBRL, establece o recoñecemento dunha capacidade xenérica de actuar, tamén coñecida como cláusula de capacitación xeral, segundo a cal, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.*

*O citado precepto, enumera, no seu apartado 2º as materias sobre as que o municipio exercerá competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das CC.AA. Polo tanto, non contén un listado concreto e determinado de competencias municipais, senón as materias cuxa concreción competencial se difire ao lexislador ordinario, estatal ou autonómico.*

*E finalmente, a DT2ª da LBRL, sinala que en tanto non se dite a lexislación do Estado e das CCAA, conforme ao sinalado nos preceptos antes citados (art. 2 e 25), os municipios poderán exercer, existindo financiamento, as competencias que lles atribúa a lexislación sectorial vixente na data de entrada en vigor desta Lei.*

*A regulación das competencias municipais, polo tanto, queda diferida ao lexislador estatal ou autonómico.*

*Polo que se refire á materia que nos ocupa, non existe, no citado artigo 25 da LRBL ningunha referencia á actividade de fomento ou subvencional, como competencia propia municipal nin se trata, tampouco, dunha competencia delegada, polo que, para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Si ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio*

*non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.*

*Deste xeito, podemos concluír que a tramitación deste expediente non supón o exercicio dunha nova competencia por canto se veñen realizando, en anos anteriores, convocatorias de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, así como, convenios formalizados coa finalidade de coadxuvar ao financiamento dos gastos de mantemento de diversas asociacións, e así, atopamos os seguintes antecedentes mais inmediatos de convenios subscritos coa mesma entidade en anos precedentes:*

1. Ano 2005/06\_ expte. 812/321
2. Ano 2006/07\_ expte. 3090/320
3. Ano 2008\_ expte. 3583/320
4. Ano 2009\_ expte. 4355/320
5. Ano 2010\_ expte. 4718/320
6. Ano 2011\_ expte. 5141/320
7. Ano 2012\_ expte. 5769/320
8. Ano 2013\_ expte. 6112/320
9. Ano 2014\_ expte. 6580/320

*Pola súa parte, a DA1ª da LRBRL dispón que as competencias atribuídas as entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da Lei 27/13, de RSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose por dita lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.*

*A citada norma, na parte adicada a información e a participación cidadá, dispón, no seu artigo 72, que as Corporacións locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, facilítanlles a mas ampla información sobre as súas actividades e, dentro das súas posibilidades, no uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades e impulsan a súa participación na xestión da corporación nos termos do número 2 do artigo 69. Neste mesmo sentido, o artigo 255 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, dispón que os concellos galegos favorecerán o desenvolvemento das asociacións que se constituían para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, que terán a consideración de entidades de participación cidadá. E, para a dita finalidade, contempla a posibilidade de asignación de medios e a distribución de axudas.*

*A maior abundamento, o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955 (RS), contempla como un dos tipos de actividade das Entidades Locais, a de fomento e dispón, no seu artigo 25, que as corporacións locais poderán conceder subvencións a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou suplan os atribuídos á competencia local. Na mesma liña se pronuncia o artigo 232.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, segundo o cal, os concellos poden subvencionar economicamente ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, tanto polo que se refire ós seus gastos xerais como ás actividades que realicen.*



*Tamén o Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de data 26/03/1992 e modificado por acordo de 31/03/1993, sinala, entre os seus obxectivos, “facilitar e promover a iniciativa e participación dos veciños e entidades cidadás na xestión municipal”, “achegar a xestión municipal ao cidadá”, e “fomentar o asociacionismo cidadá” (artigo 2), establecendo que, nos presupostos se incluírá unha partida destinada especificamente ao fomento do asociacionismo (artigo 12)*

### **3. RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCÍONS E ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO**

*No proceso de outorgamento, xestión, pago e fiscalización de subvencións públicas deben tomarse en consideración un conxunto de normas que se poden sistematizar do xeito que se expón no primeiro apartado deste informe. Polo que se refire ás normas específicas das subvencións, o artigo 5 da LXS, dispón que as subvencións rexeranse por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento, e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, se lle aplicarán as normas de dereito privado.*

*Deste xeito, a concesión das subvencións obxecto deste convenio, rexerase polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal prorrogado e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*En cumprimento do disposto nos art. 65.3 da LXS e 26.2 a) da LSG e das Bases de execución do presuposto, apartado 38ª.4.2 das BEP, o texto do convenio que se achega para a súa aprobación contén, a lo menos, os seguintes extremos:*

- determinación do obxecto da subvención*
- réxime xurídico aplicable*
- beneficiarios e modalidade de axuda*
- crédito orzamentario*
- compatibilidade ou incompatibilidade con outras axudas*
- prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario e forma de pago*

*Polo que se refire aos órganos competentes para a concesión das axudas, si ben, tanto a Lei 38/2003 como a Lei 9/2007, nos seus respectivos artigos 3, contemplan no seu ámbito obxectivo de aplicación, ás entidades locais, ao mesmo tempo, remiten a regulación dos concretos órganos competentes para a concesión das subvencións, no ámbito local, á normativa específica integrada pola lexislación de réxime local (artigos 7.4 da Lei 38/03 e 10.4 da Lei 9/07).*

*No caso concreto do Concello de Vigo, dado que pertence á categoría dos municipios de gran poboación regulados no Título X da LRBRL, en virtude do disposto no art. 124.4.n) e ñ), correspóndelle ao Alcalde a autorización e disposición de gastos en materia da súa competencia (...) e as demais que lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.*

*Non obstante o anterior, esta competencia foi obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local, en virtude de resolución de Alcaldía de data 13 de xuño de 2011, que no seu apartado 1.1.e), dispón que lle corresponderá ao devandito órgano a “aprobación das bases reguladoras*

*para a concesión de calquera tipo de subvención ou axudas municipais destinadas ó fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como a resolución dos procedementos incoados”.*

*Ademais, en virtude do disposto no apartado 4.16º da resolución da Alcaldía de data 29/07/2014, se delegou nos concelleiros propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación dos convenios de colaboración que deban subscribirse con entidades privadas, e que teñan por obxecto a concesión dunha subvención municipal que financie en parte unha iniciativa, proxecto ou actividade de interese público municipal. Finalmente, o convenio será asinado polo Alcalde ou concelleiro en quen delegue, en representación do Concello de Vigo.*

#### **4. MODALIDADE DA AXUDA: CONCESIÓN DIRECTA. A BENEFICIARIA**

*Segundo o disposto no artigo 22.2.a) la Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento da entidade local. No mesmo senso que o anterior, o artigo 65 do Real Decreto 886/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, sinala que, son subvencións previstas nominativamente nos Presupostos das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación presupostaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do presuposto.*

*Deste xeito, o vixente exercicio presupostario que foi aprobado, con carácter definitivo, polo Pleno xeral, o 13 de xuño de 2014 (expte: 27/142), publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 118, de data 20 de xuño, e obxecto de prórroga para o exercicio 2015, en virtude da resolución do Alcalde, de data 22 de decembro de 2014, inclúe expresamente a partida 9240 4890009 “Convenio Asociación Monte da Mina”, cunha dotación de 9.000,00 €*

*Por outra banda, o artigo 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, sinala que os convenios serán o instrumento habitual de canalización das subvencións previstas nominativamente, polo que esta é a forma proposta que adoitará a subvención obxecto deste expediente.*

*Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a “Asociación Veciñal Cultural e Deportiva Monte da Mina”, figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 6/87 segundo resolución da Alcaldía de data 09/03/1987*

#### **5. OBXECTO DA SUBVENCIÓN**

*Tal e como se desprende do art. 2.1.b) e c) da LXS enténdese por subvención toda disposición de diñeiro realizada, neste caso, pola Administración Local, a favor de persoas públicas ou privadas que cumpra, entre outros, o requisito de “que a entrega este suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, execución dun proxecto, realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver...”, “... que teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública” e que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.*

*Neste caso, o obxecto do convenio e o fomento das actividades programadas a realizar pola entidade entre os meses de xaneiro e outubro de 2015, mediante a contribución nos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento daquelas, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións nas súas instalacións, cuxa ocupación completa se estima que se produza ao longo do exercicio, dado o elevado número de peticións de espazos formuladas por entidades asociativas de diversa índole, para o desenvolvemento,*

*por aquelas, dunha gran variedade de proxectos, actividades ou servizos cuxa execución redunda en beneficio da comunidade veciñal.*

*Tal e como se sinalou anteriormente, no art. 3 dos Estatutos da entidade enuméranse, os fins e principios que constitúen o seu obxecto social, cuxa realización se subvenciona con este convenio, todos eles de interese para a cidadanía viguesa.*

*Tal e como se sinalou anteriormente, nos termos contemplados no art. 72 LRBRL, "as Corporacións Locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais e sectoriais dos veciños, facilitándolle a máis ampla información sobre as súas actividades e, dentro das súas posibilidades, o uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades, impulsando a súa participación na xestión da Corporación..."*

*Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.*

*A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia, no termo municipal, de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto de ámbitos territoriais como sectorial, as cales, pola súa implantación nos barrios e parroquias e o seu compromiso no desenvolvemento dunha gran diversidade de actividades reivindicativas, veciñais, festivas deportivas e culturais, educativas, sanitarias etc., acadan o propósito de implicar a poboación na proposta e detección de solucións a diferentes problemáticas sociais e urbanas, establecendo canais de cooperación co Concello na consecución do progreso socioeconómico da cidade, a través de proxectos máis amplos que conxuguen as vontades individuais co servizo á comunidade.*

*Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter socio comunitario que redundan no beneficio da cidadanía.*

*O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación necesaria coa A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos para subvencionar os gastos de mantemento necesarios para levar a cabo as actividades socio comunitarias e socio sanitarias programadas e a realizar pola entidade entre os meses de xaneiro a outubro de 2015, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións nas súas instalacións, que se puxo en marcha mediante convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a A.V.C.D "Monte da Mina" de Castrelos asinado con data 14/11/05, en definitiva, para o fomento das súas actividades, do asociacionismo e da participación cidadá.*

*Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nº 9240.4890009 denominada "Convenio Asociación Monte da Mina" nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.*

## **6. CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA**

*Entre os recursos para o financiamento de actividades a entidades sen ánimo de lucro, figura no vixente orzamento municipal prorrogado, a partida presupostaria nominativa nº 9240 4890009, denominada "Convenio Asociación Monte da Mina", cunha dotación orzamentaria de 9.000 €.*

As Bases de execución do presuposto, dispoñen na Disposición Final 3ª que, dentro do capítulo IV, son prorrogables, os créditos que afecten a actividades e programas con permanencia, é dicir, subvención anual continuada nos últimos exercicios. Deste xeito, como xa se expuxo anteriormente, se veñen subscribindo, en exercicios anteriores, convenios anuais de colaboración coa mesma entidade beneficiaria e, os presupostos xerais veñen recollendo unha dotación específica para esta finalidade, polo que, salvo mellor criterio da Intervención, a devandita aplicación debe considerarse prorrogada para o exercicio en curso.

## 7. DOCUMENTACIÓN

a) A entidade solicitante da subvención está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) no epígrafe 10.1 denominado "Asociación veciñais, consumo e usuarios socio comunitarios: asociacións de veciños", co número 6/87, cumprindo así co requisito establecido no art. 12 do Regulamento de Participación Cidadá de 1992 (acordo plenario de 26/03/92) e co disposto no art. 236.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro (ROF), que condicionan, o exercicio dos dereitos contemplados no devandito regulamento, entre eles, a percepción de calquera subvención, á inscrición da interesada no RMA.

b) A A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das BEP, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

a) certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:

b) declaración responsable do presidente da asociación, de data 09/03/2015 de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias do artigo 13 da LXS, de non ter solicitado nin percibido outras axudas para a mesma finalidade, así como, de non ser debedor, por resolución, de procedencia de reintegro.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1- Proxecto de actividades da entidade para o ano 2015, realizadas e previstas, para cuxo desenvolvemento, e para a coordinación e xestión do viveiro de asociacións nas súas instalacións, o Concello de Vigo colabora no financiamento dos seus gastos de mantemento entre os meses de xaneiro a outubro. O orzamento de gastos de mantemento que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO (xaneiro-outubro 2015)	
Luz	390,00 €
Auga	75,00 €
Combustible de calefacción	336,00 €
Teléfono	82,00 €
Gastos de administración	390,00 €
IBI	11.695,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>12.968,00 €</b>

2. Escrito do presidente da entidade, de data 09/03/15, solicitando a celebración do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade.
3. Certificado do secretario da entidade, de data 09/03/2015, segundo o cal, o 16/02/2015, a directiva da asociación acordou nomear a D. Juan Freiría Barros, responsable da sinatura do Convenio de colaboración co Concello de Vigo. Acompáñase fotocopia do seu DNI.
4. Certificado do secretario, da mesma data, sobre composición xunta directiva da asociación.
5. Certificado do secretario da entidade, de data 12/03/2015, sobre número de persoas asociadas: 643
6. Memoria de actividades realizada durante o ano 2014, acompañada do correspondente balance económico de ingresos e gastos.
7. Proxecto de actividades a realizar durante o ano 2015, acompañada do correspondente previsión de gastos e ingresos.
8. Orzamento de gastos e ingresos anual para o mantemento da entidade, obxecto específico de convenio.
9. Número de conta corrente nº 2080 5073 09 3040002195 de ABANCA, segundo certificación de código conta cliente, emitida pola entidade bancaria o 28/01/2015
10. Autorización do representante legal da federación, de data 09/03/2015, ao servizo de Participación Cidadá para solicitar a expedición informática ou telemática dos certificados que acreditan estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Administración.
11. Declaración responsable do presidente, da mesma data, de non ter percibido nin solicitado outras axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da unión europea ou de organismos internacionais.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

## 8. ANTICIPO

Conforme o artigo 34.2 da LXS, se poderán realizar pagos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

De conformidade co art. 31.6 da LSG, se poderán realizar pagos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previa a xustificación, como financiamento necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

Deste xeito, e atendendo ao disposto na Base da execución do presuposto nº 38.7, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando houbesen solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

*Por este motivo, no momento da solicitude de anticipo, a beneficiaria deberá achegar declaración responsable, de non incorrer en ningunha das prohibicións ou circunstancias deste precepto.*

*En canto ao réxime de garantías para o pago anticipado, ao que fan referencia os preceptos citados anteriormente, se exonera á Asociación de amas de casa e consumo Agarimo da obriga de constitución de garantías, dado o carácter social do proxecto subvencionado, e a natureza de entidade non lucrativa da beneficiaria, de conformidade co disposto no artigo 42.2d) e ss. do RD 887/06.*

#### **9. COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN**

*Para dar cumprimento ao disposto no artigo 19.2 da LXS, o convenio contempla expresamente a compatibilidade da axuda con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A beneficiaria deberá comunicar, á concellería de Participación Cidadá, a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien o proxecto subvencionado, debendo efectuarse, a dita comunicación, no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos (artigo 14.1.d) da LXS)*

*O apartado 3º do artigo 19 da LXS sinala que o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividades subvencionada, en cuxo caso, procedera o reintegro do exceso obtido sobre o custe do proxecto subvencionado, xunto cos intereses de demora, unindo as cartas de pago á correspondente xustificación, de acordo co art. 37.3 da LXS e o art. 34 do RLXS.*

*En todo caso, no momento de xustificación da subvención deberá achegar unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia acompañada das correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción das mesmas, conforme se indica na cláusula novena do convenio.*

#### **10. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN POLA BENEFICIARIA E FORMA DE PAGO**

*De conformidade coa Base 38ª.4.2 das BEP, o convenio deberá incluír, entre outros extremos, o prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario.*

*Son gastos subvencionables, segundo o art. 31 da LXS, os que de maneira indubidable responden á natureza do proxecto subvencionado, que resulten estritamente necesarios e que se realicen entre o 01/01/15 e o 31/10/15.*

*Seguindo o disposto no art. 31.5 da LSG, o pagamento da subvención realizarase logo da xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 3 de novembro de 2015.*

*A Base 38ª.11 das BEP establece que “As Bases da convocatoria terán que regular a xustificación das axudas no mesmo ano que se outorgan, o prazo de xustificación non será despois da segunda semana de decembro, e a súa remisión a Intervención Xeral para a súa fiscalización, non será despois do prazo que en cada caso establezan as normas xerais de peche que se aproban anualmente”.*

*A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.*

*A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:*

*a) Solicitude de abono da subvención.*

*b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:*

- 1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado*
- 2. Datas e lugar de celebración.*
- 3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
- 4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.*
- 5. Actuacións realizadas.*
- 6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*
- 7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación*
- 8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.*
- 9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.*

*c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, ríscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.*

*A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificárase con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.*

*d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral, que:*

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención*

- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.
- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fehaciente da exención expedida polo órgano ou administración competente.
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo.
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE
- o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.
- Respecto ao IRPF, no será gasto subvencionable para o traballador no caso de que este recibira a subvención. Agora ben, para a organización na que traballa o na que presta os seus servizos, o IRPF declarado e liquidado é tan subvencionable como calquera outro gasto de persoal. En efecto, o IRPF que unha asociación abona polos seus traballadores non é un tributo da asociación, senón un gasto de persoal da asociación e un tributo para o traballador, o cal, por ser parte do salario bruto, é retido pola asociación por mandato de facenda.



- cando se xustificuen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustificuen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) no caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG

i) acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

j) fotocopia dos seguros de responsabilidade civil.

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 5073 09 3040002195 (ABANCA), segundo código de conta cliente de data 18/01/15, emitido pola entidade bancaria.

De non xustificar a subvención na forma e prazo establecido ou no caso de xustificación insuficiente, producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da mesma, tal como dispón o art. 31.5 da LSG e Base 38ª.8 das BEP.

*A proposta de recoñecemento da obriga e pagamento en execución do convenio, remitirase, como indica a Base 40ª.5 das BEP, a Intervención acompañada de copia do convenio asinado, acordo da XGL que aprobou o texto do convenio, certificación do centro xestor acreditativa do cumprimento do convenio e fase e número do documento contable emitido como consecuencia da fiscalización efectuada.*

## **11. SUBCONTRATACIÓN**

*En aplicación do disposto no artigo 29.2 da LXS, o convenio contempla expresamente que a entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio, quedando fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.*

## **12. SINATURA DO CONVENIO**

*O convenio será asinado, en representación do Concello de Vigo (CIF: P-3605700-H), por D. Abel Caballero Álvarez, en calidade de Alcalde e, en representación da A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos (CIF: G-36623593), por D. Juan Freiría Barros, en calidade de presidente.*

## **13. NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN**

*A teor do disposto no art. 24 da LSG, a resolución que se adopte notificaráselle á entidade interesada, de acordo co previsto no art. 58 da Lei 30/1992, de RXAP e PAC.*

*Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no presuposto.*

## **14. RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS**

*De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.*

*Segundo os arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.*

*Á vista do exposto, de conformidade co art. 26 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e art. 124, apartados 4º e 5º, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do*

*réxime local, e o apartado 4.16º da Resolución de delegacións do Alcalde de data 29/07/2014, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO*

*PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 9.000 € (nove mil euros), con cargo á partida presupostaria nominativa nº 9240.4890009, denominada "Convenio Asociación Monte da Mina", incluída no vixente orzamento municipal de 2015, a favor de Asociación Veciñal, Cultura e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos.*

*SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación Veciñal, Cultura e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos (CIF.- G-36623593), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas e a realizar pola entidade entre os meses de xaneiro a outubro de 2015, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento e para a coordinación e xestión pola entidade do viveiro de asociacións nas súas instalacións, e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONCEDER á referida entidade, unha subvención de 9.000 € (nove mil euros).*

*TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA "MONTE DA MINA" DE CASTRELOS PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO DA ENTIDADE NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS SÚAS ACTIVIDADES ENTRE OS MESES DE XANEIRO A OUTUBRO DE 2015, ASÍ COMO, PARA A COORDINACIÓN E XESTIÓN DUN VIVIEIRO DE ASOCIACIÓNS NAS SÚAS INSTALACIÓNS*

*En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil quince*

### **REUNIDOS**

*Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.*

*Doutra parte, D. Juan Freiría Barros, con DNI 35967067N, en calidade de Presidente da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos (CIF.- G-36623593) con domicilio social en Monte da Mina, 16 Castrelos-Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expediente núm. 6987/320.*

*Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,*

## MANIFESTAN

*I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.*

*Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovelas activamente.*

*A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, sanitarias, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.*

*II.- Que o Concello de Vigo, a través da área de Participación Cidadá, recibe múltiples solicitudes de diversas asociacións municipais inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións para ser dotadas dun espazo físico onde desenvolver as súas xuntanzas, reunións e actividades.*

*Para levar adiante o compromiso de apoio ao tecido asociativo, o Concello de Vigo, ten necesidade de infraestruturas básicas que fagan posible a instalación de Viveiros de Asociacións, polo que se avalía moi positivamente a colaboración que presta a A.V.C.D "Monte da Mina" de Castrelos ao ceder parte das instalacións do seu local social para o uso de outras asociacións.*

*Na vontade de afondar nas súas relacións o Concello de Vigo e a A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos, mediante este convenio, establecen as canles de colaboración para coordinar e xestionar o Viveiro de Asociacións creado nas instalacións da A.V.C.D. Monte da Mina, así como, as accións encamiñadas ao fomento das actividades da propia asociación que redundan en beneficio de toda a veciñanza.*

*III.- Que a entidade A.V.C.D "Monte da Mina" de Castrelos", de conformidade co art. 3 dos seus Estatutos, asume entre os seus obxectivos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:*

- A consecución dos medios materiais, sociais, culturais e deportivos que fagan da nosa parroquia un lugar digno onde vivir e convivir.*
- A reivindicación constante dunha maior participación cidadá nas cuestións públicas.*

- A mellora da calidade de vida e a existencia dunha mellor participación da veciñanza en tódalas decisións que lle atinxa.
- A desaparición dos desequilibrios entre barrios.
- A defensa permanente dos dereitos da terceira idade, dos nenos/as e de todas aquelas persoas especialmente marxinadas e asoballadas, na procura de que na nosa parroquia haxa lugares onde se poida xogar, educar, xuntar e convivir.
- A defensa dos dereitos das mulleres e dos homes, dentro e fora da asociación, e a denuncia dos malos tratos.
- A defensa do idioma galego, que será utilizado a nivel oficial pola asociación.
- A defensa da calidade da veciñanza en todos os seus eidos (alimentos, auga, aire libre, colexios, vivendas, sanidade pública, cultura, deporte, etc...)

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 09/03/87, a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 6/87.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos leve a cabo as actividades sociocomunitarias e socioculturais planificadas e a realizar entre os meses de xaneiro a outubro de 2015, segundo memoria achegada, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións, creado no ano 2005 mediante convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a referida entidade, nas súas instalacións, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal (prorrogado), aprobado definitivamente o 13/06/14 (BOP Núm. 118, do venres 20/06/14), publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 118, de data 20 de xuño, e obxecto de prórroga para o exercicio 2015, en virtude da resolución do Alcalde, de data 22 de decembro de 2014, a partida orzamentaria nº 9240.4890009, denominada "Convenio Asociación Monte da Mina", nominativa a favor da entidade, con unha consignación presupostaria de 9.000 €.

VII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidades entre os meses de xaneiro a outubro de 2015, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións nas súas instalacións, cuxa contía total, na parte proporcional, segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO (xaneiro-outubro)	
Luz	390,00 €
Auga	75,00 €
Combustible de calefacción	336,00 €

Teléfono	82,00 €
Gastos de administración	390,00 €
IBI	11.695,00 €
TOTAL	12.968,00 €

VIII.- Que a entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos non incorre en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

IX.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, nos ámbitos sociocomunitario e sociocultural, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

#### PACTOS

Primeiro.- A entidade "A.V.C.D. Monte da Mina de Castrelos" comprométese a colaborar coa concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo para garantir a continuidade do Viveiro de Asociacións instalado nas seu local social, e concretamente:

1. A por a disposición do Concello de Vigo os espazos que deseguido se relacionan:

##### Planta 1ª

Local	Medidas	Superficie
Sala de lecturas	14, 60 x 7,40	108,04 m <sup>2</sup>
Sala de xuntas	5,45 x 5,80	31,61 m <sup>2</sup>

##### Primeiro soto

Local	Medidas	Superficie
Núm. 1	9,60 x 5,60	53,76 m <sup>2</sup>
Núm. 2	2,20 x 5,60	12,32 m <sup>2</sup>
Núm. 3	6,00 x 8,10	48,60 m <sup>2</sup>
Núm. 4	2,90 x 6,38	18,49 m <sup>2</sup>
Núm. 5	6,00 x 6,65	39,90 m <sup>2</sup>
Núm. 6	9,00 x 3,60	32,40 m <sup>2</sup>
Núm. 7	6,10 x 5,40	32,94 m <sup>2</sup>
Núm. 11	5,35 x 4,30	22,90 m <sup>2</sup>

A utilización dos locais do primeiro soto, farase en réxime de exclusividade por aquelas asociacións beneficiarias da súa cesión en uso conforme aos criterios de selección establecidos polo Concello de Vigo, mentres que a utilización da Sala de Lectura e Xuntas da primeira planta estará en réxime compartido, previa solicitude das asociacións integradas no Viveiro de Asociación.

2. Xestionar as autorizacións necesarias para a cesión en uso dos espazos comúns.

3. Xestionar o cobro da cota de participación nos gastos de mantemento das instalacións, xa que, os gastos ocasionados polo seu uso serán asumidos polas asociacións integradas no Viveiro de Asociacións. A porcentaxe de participación de cada unha delas será establecida pola Comisión de Seguimento.
4. Desenvolver as actividades programadas pola entidade para os meses de xaneiro a outubro de 2015, conforme a proxecto achegado.
5. Participará de forma activa na Comisión de Seguimento prevista neste Convenio.
6. Asumir a programación, organización e xestión das diferentes actividades que desenvolven cun carácter estable ao longo do ano.
7. Dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento das actividades.
8. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades programadas.
9. Comunicarlle ao Concello a obtención doutro financiamento que para a mesma finalidade proceda doutra entidade pública ou privada.
10. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade posible, respectando en todo momento a imaxe corporativa do Concello de Vigo.
11. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Establecer os mecanismos de selección das entidades beneficiarias da cesión en uso dos locais postos a disposición do Concello de Vigo por parte da A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos.
2. Conceder directamente á entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos unha subvención por importe de 9.000 € (nove mil euros), con cargo a partida orzamentaria nominativa nº 9240. 4890009, denominada "Convenio Asociación Monte da Mina", do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar ao financiamento gastos de mantemento da asociación, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidades programados e a realizar entre xaneiro e outubro de 2015, así como, para a coordinación e xestión do viveiro de asociacións nas súas instalacións, en definitiva, para o fomento das súas actividades, do asociacionismo e da participación cidadá.

Considéranse gastos correntes de funcionamento e mantemento da entidade aqueles que permitan o seu normal desenvolvemento, tales como: gastos de administración, mantemento das instalacións, subministros (teléfono, auga, luz, combustible...), tributos aboados efectivamente polo beneficiario da subvención, etc...

2. Respetar a estrutura organizativa da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.
2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no se caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18.3.a) da Lei Xeral de Subvencións, ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación para o 2015.

Oitavo.- Para o seguimento do convenio, aplicación do mesmo e resolución das dificultades que poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo, constitúese unha Comisión de seguimento integrada por:

1. Representantes do Concello de Vigo:
  - O concelleiro de Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que ostentará a Presidencia.
  - O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá.
2. Representantes do A.V.C.D. "Monte da Mina":



- *Presidente da asociación.*
  - *Secretario da asociación que actuará como secretario da comisión.*
3. *Viveiro de Asociacións:*
- *Un representante de cada unha das asociacións participantes.*

*Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase po la A.V.C.D. "Monte da Mina" mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 3 de novembro de 2015.*

*A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:*

*a) Solicitude de abono da subvención.*

*b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:*

- 1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado*
- 2.Datas e lugar de celebración.*
- 3.Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
- 4.Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.*
- 5.Actuacións realizadas.*
- 6.Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*
- 7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación*
- 8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.*
- 9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento*

*c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación, no seu caso, do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.*

*A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificarse con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.*

*d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número*

de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.
- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente.
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarse fotocopia do contrato de traballo.
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computarase o gastos acreditados deducido o IVE
- o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.

- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) No caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 5073 09 3040002195 (ABANCA)

Décimo primeiro.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da

xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

Será requisito necesario que a entidade acredite non incorrer en ningún dos supostos do art. 31.6 LSG.

De conformidade co art. 42 e ss. Do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa A.V.C.D. "Monte da Mina".

Décimo segundo- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2015, no período comprendido entre o 01/01/15 e o 31/10/15.

Xustificaranse os gastos polo concepto e importe solicitados: os gastos subvencionados teñen carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados na solicitude de subvención.

Décimo terceiro- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

*Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.*

*Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*Décimo noveno.- O presente convenio terá vixencia dende a a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2015, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2015.*

## **20(494).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO” PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES REALIZADAS ENTRE XANEIRO E OUTUBRO DE 2015. EXPTE. 6988/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 7.04.15, o informe de fiscalización do 14.04.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Xestión e Participación e Atención Cidadá, do 20.04.15, conformado polo xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola concelleira de Economía e Facenda, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

*Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo do 18/03/2015, D. Camilo Pais Martínez (DNI: 35995159K), en calidade de Presidente da “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” (CIF: G-36704666), achegou a documentación precisa para a formalización do convenio de colaboración entre o Concello e a referida entidade, cuxo obxecto é contribuír aos gastos necesarios para levar a organización, promoción e execución das actividades programadas pola federación entre os meses de xaneiro a outubro de 2015.*

*Segundo certificacións do secretario da federación de data 10/03/2015, D. Camilo Pais Martínez, en virtude do art. 20 dos Estatutos da federación, ostenta o cargo de presidente e, polo tanto, lle corresponde a representación legal da entidade, estando facultado, pola Xunta Directiva e polos propios estatutos, para asinar o convenio de colaboración co concello de Vigo.*

Con data 14 de abril de 2015, o servizo de Intervención emite informe de fiscalización favorable no que propón as seguintes correccións no informe proposta:

- Na páxina 7, onde di “Fundación Igual Arte”, debera dicir “Federación de Peñas Recreativas El Olivo”
- Na páx. 10, onde di “Asociación Agarimo”, debera dicir “Federación de Peñas Recreativas El Olivo”

Á vista do anterior, unha vez realizadas as devanditas emendas, se emite o presente informe-proposta

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### 1. NORMATIVA APLICABLE

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRXAP-PAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL) e Real Decreto 500/1990
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALG)
- Regulamento de Servizos das Corporacións Locais aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)
- Bases de execución do presuposto, aprobado por acordo plenario de 13/06/2014 (expte: 27/142) e prorrogado en virtude de resolución do Alcalde de data 22 de decembro de 2014.
- Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de data 26/03/1992, modificado por acordo de 31/03/1993

### 2. COMPETENCIA MUNICIPAL

A Constitución proclama, no seu artigo 137, que os municipios gozan de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses. Deste xeito, un dos piares fundamentais da autonomía local é de carácter obxectivo ou material, e se concreta na clara atribución e determinación de competencias do ente local.

En virtude da competencia estatal sobre as bases do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o sistema de determinación das competencias locais, ven regulado, a nivel básico, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das

bases de réxime local (LRBR), nos seus artigos 2, 7, 25, 26 e 27, na redacción dada aos mesmos pola Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

O artigo 2 da citada norma dispón que, para a efectividade da autonomía local constitucionalmente garantida ás Entidades Locais, as leis do Estado ou das Comunidades Autónomas, reguladoras dos distintos sectores da acción pública, segundo a distribución constitucional de competencias, deberán asegurar aos municipios o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten ao seu círculo de intereses, atribuíndolles as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública e a capacidade de xestión da Entidade Local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia e con estrita suxeición á normativa de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.

A lei distingue tres tipos de competencias: as propias (artigos 7.2 e 25), as delegadas (7.3 e 26) e as distintas das anteriores que, segundo o artigo 7.4 só poderán exercerse cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da facenda local e non se incorra nun suposto de execución do mesmo servizo simultaneamente con outra Administración Pública.

Ademais, a teor do disposto no art. 25.1 da LBRL, establece o recoñecemento dunha capacidade xenérica de actuar, tamén coñecida como cláusula de capacitación xeral, segundo a cal, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

O citado precepto, enumera, no seu apartado 2º as materias sobre as que o municipio exercerá competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das CC.AA. Polo tanto, non contén un listado concreto e determinado de competencias municipais, senón as materias cuxa concreción competencial se difire ao lexislador ordinario, estatal ou autonómico.

E finalmente, a DT2ª da LBRL, sinala que en tanto non se dite a lexislación do Estado e das CCAA, conforme ao sinalado nos preceptos antes citados (art. 2 e 25), os municipios poderán exercer, existindo financiamento, as competencias que lles atribúa a lexislación sectorial vixente na data de entrada en vigor desta Lei.

A regulación das competencias municipais, polo tanto, queda diferida ao lexislador estatal ou autonómico.

Polo que se refire á materia que nos ocupa, non existe, no citado artigo 25 da LRBL ningunha referencia á actividade de fomento ou subvencional, como competencia propia municipal nin se trata, tampouco, dunha competencia delegada, polo que, para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Si ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

Deste xeito, podemos concluír que a tramitación deste expediente non supón o exercicio dunha nova competencia por canto se veñen realizando, en anos anteriores, convocatorias de

*subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, así como, convenios formalizados coa finalidade de coadxuvar ao financiamento dos gastos de mantemento de diversas asociacións, e así, atopamos os seguintes antecedentes máis inmediatos de convenios subscritos coa mesma entidade en anos precedentes:*

- *Ano 2014: expte. 6573/320*
- *Ano 2013: expte. 6104/320*
- *Ano 2012: expte. 5760/320*
- *Ano 2011: expte. 5212/320*
- *Ano 2010: expte. 4632/320*
- *Ano 2009: expte. 4093/320*
- *Ano 2008: expte. 3442/320*

*Como xa se indicou, o art. 25 contén unha garantía institucional mínima, que non atribúe competencias directas nin constitúe un teito competencial e cuxa relación de materias, á vista do exposto, pode completarse por leis estatais e autonómicas de distinta natureza.*

*Si ben o devandito artigo, como xa se expuxo anteriormente, non contempla a actividade de fomento como unha competencia propia municipal, existen ámbitos de actuación municipais que puideran resultar afectados polas actividades que, indirectamente, se intentan promocionar a través da subscrición deste convenio. En particular, as letras l) e m) do referido artigo, inclúen como materias nas que as EELL poden exercer competencias propias, a “promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre” e a “promoción da cultura e equipamento culturais”.*

*Deste xeito, os arts. 2 e 3 dos Estatutos da Federación, contempla entre os fins e actividades que constitúen o seu obxecto social e cuxa realización se subvenciona co presente convenio, encóntranse:*

- *A estimulación e o desenvolvemento do deporte*
- *O fomento e a estimulación da cultura e o arte*
- *A organización e desenvolvemento de eventos recreativos*
- *O apoio a iniciativas realizadas en prol do desenvolvemento cultural de Vigo*
- *Outras: organización de equipos deportivos, programación de xogos, excursións, torneos e outros eventos recreativos, organización de conferencias, actos culturais, veladas artístico-musicais...*

*Pola súa parte, a DA1ª da referida lei dispón que as competencias atribuídas as entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da Lei 27/13, de RSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose por dita lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.*

*A Lei 7/1985 (LRBRL), na parte adicada a información e a participación cidadá, dispón, no seu artigo 72, que as Corporacións locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, facilitanlles a mas ampla información sobre as súas actividades e, dentro das súas posibilidades, no uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades e impulsan a súa participación na xestión da corporación nos termos do número 2 do artigo 69. Neste mesmo sentido, o artigo 255 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, dispón que os concellos galegos favorecerán o desenvolvemento das asociacións que se constituán para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, que terán a consideración de entidades de participación cidadá. E, para a dita finalidade, contempla a posibilidade de asignación de medios e a distribución de axudas.*



A maior abundamento, o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955 (RS), contempla como un dos tipos de actividade das Entidades Locais, a de fomento e dispón, no seu artigo 25, que as corporacións locais poderán conceder subvencións a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou suplan os atribuídos á competencia local. Na mesma liña se pronuncia o artigo 232.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, segundo o cal, os concellos poden subvencionar economicamente ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, tanto polo que se refire ós seus gastos xerais como ás actividades que realicen.

Tamén o Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de data 26/03/1992 e modificado por acordo de 31/03/1993, sinala, entre os seus obxectivos, “facilitar e promover a iniciativa e participación dos veciños e entidades cidadás na xestión municipal”, “achegar a xestión municipal ao cidadá”, e “fomentar o asociacionismo cidadá” (artigo 2), establecendo que, nos presupostos se incluírá unha partida destinada especificamente ao fomento do asociacionismo (artigo 12)

### 3. RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIÓNS E ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO

No proceso de outorgamento, xestión, pago e fiscalización de subvencións públicas deben tomarse en consideración un conxunto de normas que se poden sistematizar do xeito que se expón no primeiro apartado deste informe. Polo que se refire ás normas específicas das subvencións, o artigo 5 da LXS, dispón que as subvencións rexeranse por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento, e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, se lle aplicarán as normas de dereito privado.

Deste xeito, a concesión das subvencións obxecto deste convenio, rexerase polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal prorrogado e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

En cumprimento do disposto nos art. 65.3 da LXS e 26.2 a) da LSG e das Bases de execución do presuposto, apartado 38<sup>a</sup>.4.2 das BEP, o texto do convenio que se achega para a súa aprobación contén, a lo menos, os seguintes extremos:

- determinación do obxecto da subvención
- réxime xurídico aplicable
- beneficiarios e modalidade de axuda
- crédito orzamentario
- compatibilidade ou incompatibilidade con outras axudas
- prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario e forma de pago

Polo que se refire aos órganos competentes para a concesión das axudas, si ben, tanto a Lei 38/2003 como a Lei 9/2007, nos seus respectivos artigos 3, contemplan no seu ámbito obxectivo de aplicación, ás entidades locais, ao mesmo tempo, remiten a regulación dos concretos órganos competentes para a concesión das subvencións, no ámbito local, á normativa específica integrada pola lexislación de réxime local (artigos 7.4 da Lei 38/03 e 10.4 da Lei 9/07).

No caso concreto do Concello de Vigo, dado que pertence á categoría dos municipios de gran poboación regulados no Título X da LRBRL, en virtude do disposto no art. 124.4.n) e ñ), correspóndelle ao Alcalde a autorización e disposición de gastos en materia da súa competencia (...) e as demais que lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.

Non obstante o anterior, esta competencia foi obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local, en virtude de resolución de Alcaldía de data 13 de xuño de 2011, que no seu apartado 1.1.e), dispón que lle corresponderá ao devandito órgano a “aprobación das bases reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axudas municipais destinadas ó fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como a resolución dos procedementos incoados”.

Ademais, en virtude do disposto no apartado 4.16º da resolución da Alcaldía de data 29/07/2014, se delegou nos concelleiros propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación dos convenios de colaboración que deban subscribirse con entidades privadas, e que teñan por obxecto a concesión dunha subvención municipal que financie en parte unha iniciativa, proxecto ou actividade de interese público municipal. Finalmente, o convenio será asinado polo Alcalde ou concelleiro en quen delegue, en representación do Concello de Vigo.

#### 4. MODALIDADE DA AXUDA: CONCESIÓN DIRECTA. A BENEFICIARIA

Segundo o disposto no artigo 22.2.a) la Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento da entidade local. No mesmo senso que o anterior, o artigo 65 do Real Decreto 886/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, sinala que, son subvencións previstas nominativamente nos Presupostos das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación presupostaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do presuposto.

Deste xeito, o vixente exercicio presupostario que foi aprobado, con carácter definitivo, polo Pleno xeral, o 13 de xuño de 2014 (expte: 27/142), publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 118, de data 20 de xuño, e obxecto de prórroga para o exercicio 2015, en virtude da resolución do Alcalde, de data 22 de decembro de 2014, inclúe expresamente a partida 9240 4890001 “Convenio Federación Peñas Recreativas El Olivo”, cunha dotación de 15.000,00 €

Por outra banda, o artigo 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, sinala que os convenios serán o instrumento habitual de canalización das subvencións previstas nominativamente, polo que esta é a forma proposta que adoitará a subvención obxecto deste expediente.

Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a “Federación de Peñas Recreativas El Olivo”, figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 143/90, segundo resolución da Alcaldía de data 24/04/1990.

#### 5. OBXECTO DA SUBVENCIÓN

Tal e como se desprende do art. 2.1.b) e c) da LXS enténdese por subvención toda disposición de diñeiro realizada, neste caso, pola Administración Local, a favor de persoas públicas ou privadas que cumpra, entre outros, o requisito de “que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, execución dun proxecto, realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver...”, “... que teña por obxecto o

*fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública”, e que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.*

*Neste caso, o obxecto do convenio e o fomento das actividades da entidade, mediante a colaboración no financiamento dos necesarios para levar a organización, promoción e execución das actividades programadas pola federación entre xaneiro e outubro de 2015, que se consideran de interese público e social.*

*Tal e como se sinalou anteriormente, nos arts. 2 e 3 dos Estatutos da entidade enuméranse, respectivamente, os fins e actividades que constitúen o seu obxecto social, cuxa realización se subvenciona con este convenio, todos eles de interese par a cidadanía viguesa.*

*Nos termos contemplados no art. 72 LRBRL, “as Corporacións Locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais e sectoriais dos veciños, facilitándolle a máis ampla información sobre as súas actividades e, dentro das súas posibilidades, o uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades, impulsando a súa participación na xestión da Corporación...”.*

*Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.*

*A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia, no termo municipal, de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto de ámbitos territoriais como sectorial, as cales, pola súa implantación nos barrios e parroquias e o seu compromiso no desenvolvemento dunha gran diversidade de actividades reivindicativas, veciñais, festivas deportivas e culturais, educativas, formativas, sanitarias etc., acadan o propósito de implicar a poboación na proposta e detección de solucións a diferentes problemáticas sociais e urbanas, establecendo canais de cooperación co Concello na consecución do progreso socioeconómico e da cidade, a través de proxectos máis amplos que conxuguen as vontades individuais co servizo á comunidade.*

*Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter cultural, socioeducativo e de lecer que redundan no beneficio da cidadanía.*

*O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación necesaria coa “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” para subvencionar os gastos derivados da organización, promoción e execución das súas actividades programadas entre os meses de xaneiro a outubro de 2015, para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá.*

*Desta vontade común entre o Concello e a “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.*

## **6. CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA**

*Entre os recursos para o financiamento de actividades a entidades sen ánimo de lucro, figura no vixente orzamento municipal prorrogado, a partida presupostaria nominativa nº 9240 4890001,*

denominada "Convenio Federación de Peñas Recreativas El Olivo", cunha dotación orzamentaria de 15.000 €.

As Bases de execución do presuposto, dispoñen na Disposición Final 3ª que, dentro do capítulo IV, son prorrogables, os créditos que afecten a actividades e programas con permanencia, é dicir, subvención anual continuada nos últimos exercicios. Deste xeito, como xa se expuxo anteriormente, se veñen subscribindo, en exercicios anteriores, convenios anuais de colaboración coa mesma entidade beneficiaria e, os presupostos xerais veñen recollendo unha dotación específica para esta finalidade, polo que, salvo mellor criterio da Intervención, a devandita aplicación debe considerarse prorrogada para o exercicio en curso.

## 7. DOCUMENTACIÓN

a) A entidade solicitante da subvención está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) no epígrafe 10.1 ("Asociacións veciñais"), co número 143/90, cumprindo así co requisito establecido no art. 12 do Regulamento de Participación Cidadá de 1992 (acordo plenario de 26/03/92) e co disposto no art. 236.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro (ROF), que condiciona, primeiramente, o exercicio dos dereitos contemplados no devandito regulamento, entre eles, a percepción de calquera subvención, á inscrición da interesada no RMA.

b) A "Federación de Peñas Recreativas El Olivo", seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das BEP, acredita, documentalmete, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

1. Certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:

2. Declaración responsable do presidente da entidade, de data 10/03/15:

- de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias do artigo 13 da LXS
- de encontrarse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social
- de que a entidade non é debedora por resolución de procedencia de reintegro.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1- Proxecto de actividades obxecto do convenio, que inclúe descrición e contido da Revista Anuario, programa da Festa das Peñas e da Cea Irmandade de 2015, Bases xerais e calendario por grupos do XXIX Trofeo Cidade de Vigo, obxectivo xeral do programa de actividades, beneficiarios, execución, recursos humanos, recursos materiais e comunicación. Acompáñanse os respectivos orzamentos de gastos e ingresos das referidas actividades.

As áreas de gasto, concepto, orzamento e contía solicitada reflíctense no seguinte cadro:

ÁREAS	CONCEPTO	ORZAMENTO	CONTÍA SOLICITADA
Organización	Xestión e administracións - Local Social - Consumibles - Administracións - Subministros	6.000,00 €	5.500,00 €

Promoción	Edición da " Revista Anuario"	1.200,00 €	1.000,00 €
Convivencia	Festa das Peñas e Cea Irmandade	7.000,00 €	6.500,00 €
Social	XXXI Trofeo Cidade de Vigo de Xogos de Mesa	2.300,00 €	2.000,00 €
TOTALS		16.500,00 €	15.000,00 €

2. Certificacións do secretario da Federación, de datas 10/03/15, segundo a cal, o vicepresidente primeiro (do que se achega fotocopia do DNI), en calidade de presidente ao abeiro do art. 20 dos Estatutos da entidade e representante legal da entidade, facultado pola Xunta Directiva e polos seus Estatutos para a formalización e sinatura do convenio de colaboración co Concello de Vigo en nome e representación da "Federación de Peñas Recreativas El Olivo".

3. Solicitude expresa do presidente, de data 10/03/15, para o inicio da tramitación para a formalización do convenio de colaboración.

4. Certificacións do secretario, de data 16/03/2015, sobre:

- composición da xunta directiva
- nº de socios da entidade a día 06/05/13: 3.285 entre peñistas federados, Vogalía da Muller e socios colaboradores

5. Declaración responsable do presidente electo de non ter percibido nin solicitado outras axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da unión europea ou de organismos internacionais.

6. Autorización do representante legal da federación, de data 10/03/2015, ao servizo de Participación Cidadá para solicitar a expedición informática ou telemática dos certificados que acreditan estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Administración.

7. Memoria de actividades realizada durante o ano 2014, acompañada do correspondente balance económico de ingresos e gastos

11. Memoria de actividades a realizar durante o ano 2015, acompañada do correspondente previsión de gastos e ingresos

12. Número de conta corrente nº 2080 5077 93 3040016285 de ABANCA, segundo certificación de código conta cliente, emitida pola entidade bancaria o 05/03/15

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

## 8. ANTICIPO

Conforme o artigo 34.2 da LXS, se poderán realizar pagos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

De conformidade co art. 31.6 da LSG, se poderán realizar pagos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previa a xustificación, como financiamento necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

Deste xeito, e atendendo ao disposto na Base da execución do presuposto nº 38.7, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

*O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando houbesen solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.*

*Por este motivo, no momento da solicitude de anticipo, a beneficiaria deberá achegar declaración responsable, de non incorrer en ningunha das prohibicións ou circunstancias deste precepto.*

*En canto ao réxime de garantías para o pago anticipado, ao que fan referencia os preceptos citados anteriormente, se exonera á “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” da obriga de constitución de garantías, dado o carácter social do proxecto subvencionado, e a natureza de entidade non lucrativa da beneficiaria, de conformidade co disposto no artigo 42.2d) e ss. do RD 887/06.*

## **9. COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN**

*Para dar cumprimento ao disposto no artigo 19.2 da LXS, o convenio contempla expresamente a compatibilidade da axuda con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A beneficiaria deberá comunicar, á concellería de Participación Cidadá, a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien o proxecto subvencionado, debendo efectuarse, a dita comunicación, no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos (artigo 14.1.d) da LXS)*

*O apartado 3º do artigo 19 da LXS sinala que o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividades subvencionada, en cuxo caso, procedera o reintegro do exceso obtido sobre o custe do proxecto subvencionado, xunto cos intereses de demora, unindo as cartas de pago á correspondente xustificación, de acordo co art. 37.3 da LXS e o art. 34 do RLXS.*

*En todo caso, no momento de xustificación da subvención deberá achegar unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia acompañada das correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción das mesmas, conforme se indica na cláusula novena do convenio.*

## **10. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN POLA BENEFICIARIA E FORMA DE PAGO**

### **10.A PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN**

*De conformidade coa Base 38ª.4.2 das BEP, o convenio deberá incluír, entre outros extremos, o prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario.*

*Son gastos subvencionables, segundo o art. 31 da LXS, os que de maneira indubidable responden á natureza do proxecto subvencionado, que resulten estritamente necesarios e que se realicen entre o 01/01/15 e o 31/10/15.*

*Segundo o disposto no art. 31.5 da LSG, o pagamento da subvención realizarase logo da xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 3 de novembro de 2015.*

*A Base 38ª.11 das BEP establece que “As Bases da convocatoria terán que regular a xustificación das axudas no mesmo ano que se outorgan, o prazo de xustificación non será despois da segunda semana de decembro, e a súa remisión a Intervención Xeral para a súa fiscalización, non será despois do prazo que en cada caso establezan as normas xerais de peche que se aproban anualmente”.*

*A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.*

*A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:*

*a) Solicitude de abono da subvención.*

*b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:*

- 1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado*
- 2. Datas e lugar de celebración.*
- 3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
- 4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.*
- 5. Actuacións realizadas.*
- 6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*
- 7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación*
- 8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.*
- 9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.*

*c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, ríscarase cun “x” diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.*

*A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificarse con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto*

ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral, que:

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base impoñible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.
- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fehaciente da exención expedida polo órgano ou administración competente.
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo.
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE



- o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.
- Respecto ao IRPF, no será gasto subvencionable para o traballador no caso de que este recibira a subvención. Agora ben, para a organización na que traballa o na que presta os seus servizos, o IRPF declarado e liquidado é tan subvencionable como calquera outro gasto de persoal. En efecto, o IRPF que unha asociación abona polos seus traballadores non é un tributo da asociación, senón un gasto de persoal da asociación e un tributo para o traballador, o cal, por ser parte do salario bruto, é retido pola asociación por mandato de facenda.
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) No caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

j) *Fotocopia dos seguros de responsabilidade civil.*

#### 10.B. FORMA DE PAGO

*A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 5077 93 3040016285 (ABANCA), segundo código de conta cliente de data 05/03/2015, emitido pola entidade bancaria*

*Xustificaranse os gastos polo concepto e importe solicitados: os gastos subvencionados teñen carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados na solicitude de subvención.*

*De non xustificar a subvención na forma e prazo establecido ou no caso de xustificación insuficiente, producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da mesma, tal como dispón o art. 31.5 da LSG e Base 38ª.8 das BEP.*

#### 11. SUBCONTRATACIÓN

*En aplicación do disposto no artigo 29.2 da LXS, o convenio contempla expresamente que a entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio, quedando fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.*

#### 12. SINATURA DO CONVENIO

*O convenio será asinado, en representación do Concello de Vigo (CIF: P-3605700-H), por D. Abel Caballero Álvarez, en calidade de Alcalde e, en representación da "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" (CIF- G-36704666), por D. Camilo País Martínez (35995159A), en calidade de presidente.*

#### 13. NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

*A teor do disposto no art. 24 da LSG, a resolución que se adopte notificaráselle á entidade interesada, de acordo co previsto no art. 58 da Lei 30/1992, de RXAP e PAC.*

*Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no presuposto.*

#### 14. RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS

*De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.*

*Segundo os arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no*

art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Á vista do exposto, de conformidade co art. 26 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e art. 124, apartados 4º e 5º, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o apartado 4.16º da Resolución de delegacións do Alcalde de data 29/07/2014, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO.

**PRIMEIRO.** - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo á partida presupostaria nº 9240.4890001, denominada “Convenio Federación Peñas Recreativas El Olivo”, incluída no vixente orzamento municipal prorrogado.

**SEGUNDO.** - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” (CIF- G-36704666), cuxo obxecto é o fomento das actividades da entidade a realizar pola entidade entre xaneiro e outubro de 2015, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos derivados da súa organización, promoción e execución e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONDECER á referida entidade, unha subvención de 15.000 € (quinze mil euros).

**TERCEIRO.** - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO” PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE REALIZADAS ENTRE XANEIRO E OUTUBRO DE 2015**

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil quince

**REUNIDOS**

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Camilo Pais Martínez, con DNI 35995159-A, en calidade de Presidente en da “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” (CIF : G-36704666), con domicilio social na rúa Praza de Galegos Ilustres de Vigo, nº 2, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da documentación incorporada ao expte: 6988/320.

*Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,*

#### MANIFESTAN

*I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.*

*Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.*

*A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.*

*II.- Que a entidade “Federación de Peñas Recreativas El Olivo”, de conformidade co art. 2 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins, todos eles de interese para a cidadanía viguesa:*

- A estimulación e o desenvolvemento do deporte*
- O fomento e a estimulación da cultura e o arte*
- A organización e desenvolvemento de eventos recreativos*
- O apoio a iniciativas realizadas en prol do desenvolvemento cultural de Vigo*
- Outras: organización de equipos deportivos, programación de xogos, excursións, torneos e outros eventos recreativos, organización de conferencias, actos culturais, veladas artístico-musicais...*

*III.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), a “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 143/90.*

*IV.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” leve a cabo os proxectos e actividades sociocomunitarias planificadas para os meses de xaneiro a outubro de 2015, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos derivados da organización, fomento e execución das mesmas.*

*V.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal (prorrogado), aprobado definitivamente o 13/06/14 (BOP Núm. 118, do venres 20/06/14), publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 118, de data 20 de xuño, e obxecto de prórroga para o exercicio 2015, en virtude da resolución do Alcalde, de data 22 de decembro de 2014, a partida orzamentaria nº*

9240.4890001, denominada "Convenio Federación Peñas Recreativas El Olivo", nominativa a favor da entidade, con unha consignación presupostaria de 15.000 €.

VI.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos necesarios para levar a organización, promoción e execución das actividades programadas pola federación de xaneiro a outubro de 2015, cuxa contía, segundo proxecto de actividades e orzamento, achegados pola entidade, ascende a:

ÁREAS	CONCEPTO	ORZAMENTO	CONTÍA SOLICITADA
Organización	Xestión e administracións - Local Social - Consumibles - Administracións - Subministros	6.000,00 €	5.500,00 €
Promoción	Edición da " Revista Anuario"	1.200,00 €	1.000,00 €
Convivencia	Festa das Peñas Cea Irmandade	7.000,00 €	6.500,00 €
Social	XXX Trofeo Cidade de Vigo de Xogos de Mesa	2.300,00 €	2.000,00 €
TOTALS		16.500,00 €	15.000,00 €

VII.- Que a entidade "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" non incorrer en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que incorporadas ao expediente.

VIII.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade "Federación de Peñas Recreativas El Olivo", o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

#### PACTOS

Primeiro.- A entidade "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" comprométese a colaborar coa concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo a organización, promoción, fomento e execución das actividades obxecto do presente convenio.
2. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Participación Cidadá, cunha antelación de 15 días naturais, o lugar, datas e horas de inicio das actividades, e programación para desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicarlle calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade

requirida, que de ser o caso, comunicárase cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.

3. Editar o material gráfico da programación das actividades sociais que figuran no convenio e a súa distribución no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo como patrocinador das actividades, sendo esta cuestión extensible ás placas de trofeos, carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.

4. A revista "Anuario" reservará dúas páxinas para os saúdas do alcalde e do concelleiro de Participación Cidadá, figurando na contraportada do libro o texto "Patrocinado polo Concello de Vigo -Concellería de Participación Cidadá-" co seu logotipo oficial. As páxinas para espazos publicitarios incluíranse no interior do libro e limitaranse a un máximo de 16. Na memoria final deberán indicarse os importes dos patrocinios publicitarios inseridos na revista.

5. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.

6. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

7. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.

8. As actividades de carácter sociocomunitario recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.

9. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria final xunto ca correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual, e inventario actualizado das dotacións e instalacións, deixando constancia do estado de conservación das mesmas.

10. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

11. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.

12. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade Federación de Peñas Recreativas El Olivo unha subvención por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890001, denominada "Convenio Federación Peñas Recreativas El Olivo" do vixente orzamento municipal prorrogado, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados organización, promoción, execución e, en definitiva, fomento das actividades sociocomunitarias programadas pola entidade para o os meses de xaneiro a outubro de 2015.

2. Respetar a estrutura organizativa da “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” e asinar o convenio estruturado en áreas con programas específicos.

3. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no se caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18.3.a) da Lei Xeral de Subvencións, ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais.

Sétimo.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

Será requisito necesario que a entidade acredite non estar incurso en ningún dos supostos do art. 31.6 LSG.

De conformidade co art. 42 e ss. do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa Federación de Peñas Recreativas El Olivo.

Oitavo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación do 2015.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 3 de novembro de 2015.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterà a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.



c) *Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención.*

*A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificarse con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.*

d) *Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:*

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención*
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.*
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base impositiva, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.*
- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos*
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...*
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.*
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).*
- de conformidade co carácter finalista das subvencións, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.*
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.*
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente.*
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de autoliquidación de*

retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo.

- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE
- o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto, se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) No caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

j) Copias dos seguros de responsabilidade civil.

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 5077 93 3040016285 (ABANCA)

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2015, no período comprendido entre o 01/01/15 e o 31/10/15.

Xustificaranse os gastos polo concepto e importe solicitados: os gastos subvencionados teñen carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados na solicitude de subvención.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida

é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo oitavo.- O presente convenio terá vixencia dende a a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2015, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2015.

## **21(495).- TOMA DE COÑECEMENTO DA ACTA DE COMPROBACIÓN DE REPLANTEO E DA SUSPENSIÓN TEMPORAL DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DA CASA DO PATÍN. EXPTE. 7457/307.**

Dáse conta do informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 17.04.15, conformado pola xefa de Área da 1ª Tenencia de Alcaldía e pola concelleira de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos, Patrimonio e Economía e Facenda, que di o seguinte:

### **1.- Antecedentes:**

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 30 de decembro de 2014, acordou adxudicar á empresa XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL, as obras de rehabilitación de A Casa do Patín, en Bouzas, como equipamento social e cultural, por importe de 385.345,79 euros, IVE incluído.

Con data 30 de decembro de 2014, o Concello de Vigo asina o contrato coa empresa XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL, para a execución das OBRAS DE REHABILITACIÓN DA CASA DO PATÍN, por un prezo total de 385.345,79 euros (IVE incluído).

Con data 09/01/2015, a Xunta de Goberno Local acorda nomear como directores facultativos das obras aos técnicos municipais David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás; así como nomear á técnica municipal, Raquel López González, directora de execución e a Xiana Alonso Población, como coordinadora de seguridade e saúde das obras de rehabilitación de A Casa do Patín en Bouzas como equipamento social e cultural.

Con data 10/04/2015, a dirección facultativa das obras emite un informe, que se acompaña ao presente expediente, no que se sinalan incidencias que provocaron unha serie de paralizacións das obras:

- dúas semanas por problemas derivados do acopio da pedra,
- tres semanas por deficiencias no estudo xeotécnico,
- dúas semanas polo cese de actividade da empresa subcontratada para realizar o micropilotaxe,
- dúas semanas pola avaría da máquina hidráulica de micropilotaxe.

Asimesmo, incorpóranse ao expediente as correspondentes actas de suspensión temporal parcial da obra polas causas sinaladas anteriormente, asinadas pola dirección de obra e pola empresa adxudicataria.

## 2.- Fundamentos xurídicos:

O artigo 229 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, en relación a comprobación do replanteo, indica que “A execución do contrato de obras comezará coa acta de comprobación do reformulo. A tales efectos, dentro do prazo que se consigne no contrato que non poderá ser superior a un mes desde a data da súa formalización salvo casos excepcionais xustificados, o servizo da Administración encargada das obras procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación do reformulo feito previamente á licitación, estendéndose acta do resultado que será asinada por ambas as partes interesadas, remitíndose un exemplar da mesma ao órgano que celebrou o contrato.”

O artigo 140 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, sobre a acta de comprobación do replanteo, establece no seu punto 3.) que “Un exemplar da acta se remitirá o órgano de contratación”.

O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rixe o presente expediente e aprobado pola Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 21 de novembro de 2014, recolle na CLÁUSULA 25.- EXECUCIÓN DO CONTRATO, no punto 3. apartado c) sobre a Comprobación do replanteo “O servizo xestor, dentro do prazo máximo dun mes ou inferior que se consigne no contrato desde a data da súa formalización, procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación de replanteo feito previamente á licitación, estendéndose acta do resultado, que será asinada por ámbalas dúas partes interesadas, remitíndose un exemplar da mesma ao órgano de contratación.”

Asimesmo, o punto 5, recolle os supostos nos que o órgano de contratación poderá acordar a suspensión da execución: “a) Cando circunstancias sobrevidas o aconsellen e así o decidan de mutuo acordo ambas partes.”

En base ao exposto, unha vez asinada a acta de comprobación de replanteo dentro do prazo máximo fixado, e acordada a suspensión temporal das obras, procede a súa remisión para dar conta a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación.

## 3.- Proposta:

*En relación ao citado expediente das OBRAS DE REHABILITACIÓN DA CASA DO PATÍN, con data 20 de XANEIRO de 2015, foi celebrado o acto para a sinatura da acta de comprobación de replanteo, asinada: pola dirección facultativa, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás; pola dirección de execución, Raquel López González; pola empresa XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, Samuel Requejo; e pola coordinación de seguridade e saúde, Xiana Alonso Población (anéxase copia da acta de comprobación de replanteo ao expediente de contratación 7457-307.)*

Polo exposto PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, na súa calidade de órgano de contratación a aprobación das seguintes propostas:

*Primeiro: Tomar coñecemento da remisión da acta de comprobación do replanteo das OBRAS DE REHABILITACIÓN DA "CASA DO PATÍN" COMA EQUIPAMENTO SOCIAL E CULTURAL, asinada pola dirección facultativa David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás; pola dirección de execución, Raquel López González; pola empresa XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, Samuel Requejo; e pola coordinación de seguridade e saúde, Xiana Alonso Población*

*Segundo: Tomar coñecemento da suspensión temporal da execución das OBRAS DE REHABILITACIÓN DA "CASA DO PATÍN" COMA EQUIPAMENTO SOCIAL E CULTURAL, dun total de NOVE SEMANAS, como acredita o informe da dirección da obra e as actas de suspensión parcial que se xuntan.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **22(496).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA O INICIO DO EXPEDIENTE PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO MODIFICADO Nº 1 SEN INCREMENTO ECONÓMICO DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA ALONSO OJEDA. EXPTE. 2616/443.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 17.04.15, conformado polo asesor xurídico e o concelleiro, ambos de dita Área, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local de data 3 de xuño de 2014 acorda aproba-lo "Proxecto de obras de Humanización da Rúa Alonso Ojeda.*

*A Xunta de Goberno Local acorda a adjudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de Humanización da Rúa Alonso Ojeda (Expte. 2.490/440) á empresa Xestión Ambiental de Contratas, por un importe de 179.170 € (IVE incluído) en data 14 de novembro de 2014.*

*Asínase acta de comprobación de replanteo, en data 10 de decembro; autorizando o comenzo da obra, computándose o prazo de execución dende o día seguinte a esa data.*

*Nas FEC (Follas de Especificacións do Contrato) do PCAP contéplase a posibilidade de modifica-lo contrato nas unidades de obra relacionadas co movemento de terras, cimentacións, estruturas e redes de servizos. As circunstancias que determinan a modificación baséanse no caso de que no subsolo afectado polas obras aparezan construcións ou redes soterradas ou condicións xeotécnicas distintas das recollidas en proxecto.*

MOTIVOS:

As obras de urbanización da Rúa Alonso Ojeda, desenrolanse simultaneamente con outras de renovación do saneamento e execución da rede separativa cuido contratista é a empresa Aqualia; ambas obras coinciden no espazo e no tempo.

As obras de urbanización estiveron paralizadas dende o 17 de febreiro ao 6 de abril pola imposibilidade de coexistir no tempo e o espazo coas obras de saneamento.

Durante o desenrolo das obras, puxose de manifesto, que o proxecto contempla un ancho de beirarrúas (igual ao existente previamente) é decir 1,5 m. o que inclumple a Orde VIV/561/2010, de 1 de febreiro, pola que se desenrola o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados. A rúa proxectada dispoñía de dúas bandas de aparcamento, co que anulando unha delas é posible executar unhas beirarrúas máis anchas (2,35 m.) que consituirían un itinerario accesible e cumprirían coa regulamentación de accesibilidade.

Así mesmo no proxecto non se contempla a conexión, das augas pluvias procedentes das cubertas das vivendas, á rede que se executa.

O Servizo de Electromecánicos, á vista da posibilidade de executar unhas beirarrúas máis anchas, propón un cambio do esquema de alumeadado pasando este de ser con brazos fixos ás fachadas a luminarias en columnas sitas no bordo da beirarrúa.

Á altura do bordo do proxecto, respecto da calzada se proxectaba en 6 cm. Pero ao desaparecer a banda de aparcamentos considerase que esta altura debese aumentar para evitar a invasión de vehículos na beirarrúa pasando a ter unha altura de 12/14 cm.

Co novo esquema de beirarrúas tamén se replantea a disposición da xardiñería e o arborado, adaptándoa á nova configuración da rúa.

As variacións máis significativas consisten en:

- Execución dunha serie de canalizacións de drenaxe conectando as baixantes das cubertas dos edificios á rede de pluviais existentes.
- A ampliación da beirarrúa desviando o eixe da rúa respecto do proxectado.
- Eliminación da banda de aparcamento do lado par.
- Cambio das xardiñeiras de granito por arcorques pisables.
- Aumento do número de arbores.
- Cambio do material do bordo de granito por un prefabricado de formigón, similar ao existente nas rúas dese entorno.
- Cambio do alumeadado de brazos en fachada a columnas en beirarrúas.

Estímase que as citadas modificacións non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial e que son de interese público. Considerase que o modificado non suma prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, non amplía o obxecto do contrato, non cumpre finalidades novas non consideradas na documentación preparatoria deste, e non incorpora unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente. As modificacións que se plantexan non alteran as condicións de adxudicación e de licitación, recollidas no prego de Clausulas Administrativas Particulares, que rexen a contratación das obras de HUMANIZACIÓN DA ALONSO OJEDA. Os aspectos e as circunstancias que determinan a modificación correspóndense coas recollidas no apartado 15 das FEC (Follas de Especificacións do Contrato) do PCAP e nas contempladas no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Por todo o anteriormente exposto, e tendo en conta o informe dos Directores facultativos da obra de data 12 de marzo, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte.

**PROPOSTA:**

- 1.- Autorización para iniciar o expediente para encargar a redacción dun proxecto que baixo a denominación "PROXECTO MODIFICADO Nº 1 SEN INCREMENTO ECONÓMICO DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA ALONSO OJEDA", recolla as modificacións necesarias para levar a cabo a obra, non significando incremento algún no orzamento da mesma.
- 2.- Autorizar a moratoria ao prazo de execución da obra, polo período de tempo que transcurra ata a aprobación do citado proxecto.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**23(497).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DA POLICÍA LOCAL POR SERVIZOS DE GRAN GALA, CON MOTIVO DA VISITA DO CÓNsul DE VENEZUELA. EXPTE. 26440/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 6.04.15, dáse o informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 26.03.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e o concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

*A Policía Local remite a esta oficina de Recursos Humanos con data 10 de marzo de 2015, oficio relacionando os funcionarios que con motivo da visita ao Concello do cónsul de Venezuela, prestaron servizos de Gran gala.*

*A instrucción cuarta, apartado e), sobre cadro de persoal e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos vixente, establece que aboarase con cargo a gratificacións, o persoal do Corpo da Policía Local que realice servizos de garda ou escolta de honor nas cerimoniais ou actos protocolarios nos que participe a Corporación como tal, co seguinte importe:*

- Actos de máis de 4 horas de duración: 118,58 €.
- Actos de menos de 4 horas de duración: 63,23 €.

*Se se prestase o servizo durante a xornada normal, de dito importe deducirase o valor das horas normais correspondentes.*

*Os funcionarios relacionados que realizaron os servizos de Gran gala o pasado 5 de marzo de 2015, fora da súa xornada de traballo, cunha duración de mais de 5 horas, segundo Informe do Servizo da Policía Local de data 17/03/2015, son:*

Nº Persoal	Apelidos e Nome	Importe
77044	Barciela Rivera, Manuel	118'58 €
79117	Rodríguez Villar, Óscar	118'58 €



TOTAL.....	237'16 €
------------	----------

*As retribucións en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicado no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.*

*No EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebido como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo (artigo 24.d).*

*Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado no art 24 f) da Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla as gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo sin que, en ningún caso , poidan ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo , nin orixinar dereitos individuais en períodos sucesivos.*

*A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014 , aprobou as “INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPT. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.*

*Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada por Ley 27/2013, de 27 de diciembre e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O :*

*“Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo da visita ao Concello do cónsul de Venezuela, aboarase ao persoal da Policía Local que figura na relación que se achega, remitida polo xefe da Policía Local, de data 10 de marzo de 2015 e que comeza por don Manuel Barciela Rivera e remata por don Oscar Rodríguez Villar, relación que de seguido se especifica, polas cantidades que corresponden a cada un deles e por un total de 237'16 € (dous centos trinta e sete euros con dezaseis céntimos), con cargo á partida presupostaria 920.0.151.00.00-Gratificacións”.*

Constan no expediente ampliación de informe da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 21.04.15, e ampliación de informe da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 23.04.15.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**24(498).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS, CORRESPONDENTE AO MES DE FEBREIRO DE 2015. EXPTE. 26420/220.**

Visto o informe de fiscalización do 6.04.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 26.03.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

*Recíbese escrito da xefa de negociado do servizo de Cemiterios en data 03/03/2015, co visto e praxe da Concellería delegada da Área, relacionando o persoal que ten dereito a percibir o complemento de produtividade por prestar servizos en réxime de xornada partida, correspondente ao mes de Febreiro de 2015, na que se indica N° de Persoal, nome, cemiterio municipal e data pola que cada empregado ten dereito ao aboamento de produtividade pola realización da actividade laboral en xornada partida.*

*O persoal do servizo de cemiterios relacionado no escrito da xefa de negociado do Servizo realiza a súa actividade laboral en réximen de xornada partida, dada a necesidade de contar coa presenza do persoal municipal no horario de apertura dos cemiterios municipais (horario de mañá de 9.00h a 13.00h e tarde de 15.15 a 18.30 h).*

*O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicadóa no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.*

*No EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).*

*Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:*

*A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de*

*participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.*

*En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de productividade- que éste está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.*

*A apreciación da productividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de productividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

*Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de productividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.*

*As vixentes Instrucións sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrucción Terceira apartado d), que: con cargo ao complemento de productividade “a dedicación extraordinaria de traballos en rexime de xornada partida, por un importe de 3'64 € día, aboamento que se fara en función dos días realmente traballados en relación cos que con carácter xeral correspondería prestar no servizo.*

*A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014 , aprobou as “INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e productividade) e na contención do gasto.*

*Asi mesmo, en sesión de data 29/08/2014, acordase a “MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUCTIVIDADE E GRATIFICACIÓN. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de productividade, en armonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais aprobadas polo Pleno na sesión celebrada o 13 de xuño de 2014, e actualmente vixentes .*

*En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de productividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao*

incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Considerando a motivación exposta, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primerio.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade ao persoal do servizo de Cemiterios por xornada partida, pola especial adicación, interese e iniciativa no desempeño das súas funcións ao persoal relacionado no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura dos servizo obrante no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrucción Terceira apartado d) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00-“Productividade”, por importe de 1.011,92 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

#### Anexo

XORNADA PARTIDA CEMITERIOS FEBREIRO 2015			
N.P.	Apelidos e nome	Días traballados	Importe
23490	Alfonso Paz, Jesús	20	72,80 €
78372	Alvarez Lago, Jesús	20	72,80 €
13600	Cabaleiro González, José	20	72,80 €
77225	Cid González, Alberto	10	36,40 €
77691	Conde Lorenzo, Héctor	20	72,80 €
78122	Costas Riveiro, Rafael	19	69,16 €
82456	Costas Villar, Alberto	17	61,88 €

79828	Cousiño Sendín, M <sup>a</sup> Concepción	16	58,24 €
78924	González Seijo, Antonio	20	72,80 €
23509	Márquez Losada, Manuel Enrique	18	65,52 €
76563	Pereira Fona, Juan José	20	72,80 €
82187	Quintas Pérez, Jose Juan	20	72,80 €
76430	Rodríguez López, Adolfo	21	76,44 €
77224	Vila Abalde, Eliseo Silverio	20	72,80 €
77690	Vilanova Acuña, Delmiro	17	61,88 €
TOTAL			1.011,92 €

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **25(499).- COMPLEMENTO POR FUNCIONES REALIZADAS DERIVADAS DE ENCOMENDA DE FUNCIONES. EXPTE. 19724/240.**

Visto o informe de fiscalización do 6.04.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 24.03.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

*En data 09/09/2013, a 1ª Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos, Patrimonio, Economía e Facenda resolveu encomendarlle a distintos funcionarios municipais do Servizo de Urbanismo funcións propias doutros postos de traballo no Servizo de Patrimonio con carácter estritamente provisional e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal esten adscritos, como das características inherentes ás prazas das cales son titulares, considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións. Da citada Resolución foi dada conta a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 25/04/2014.*

Na citada Resolución realízanse as seguintes encomendas de funcións:

*Encomenda de Funcións ao funcionario D. Jesús Saavedra Rodríguez (Xefe de Cartografía e Delineación) e Dna. María Luisa Sobrino del Río (Xefe Servizo Área Técnica de Urbanismo), encomendándosele funcións correspondentes á dirección, xestión, tramitación e seguimento e control dos traballos técnicos, cada un dentro do ámbito da súa especialización, realizados pola Concesionaria adxudicataria dos traballos de comprobación, revisión e actualización do Inventario Municipal de Bens e Dereitos do Concello de Vigo, así como as das diferentes tarefas da unidade de Patrimonio.*

*Encomenda de Funcións ao funcionario D. Aurelio Adán Fernández (arquitecto técnico) y Dna. Raquel López González (arquitecta técnica) da realización de tarefas propias da súa plaza e posto no servizo de patrimonio así como a revisión técnica dos traballos realizados pola concesionaria adxudicataria da comprobación, revisión e actualización do inventario municipal de Bens e Dereitos.*

*Inclúese no presente expediente copia da Resolución anteriormente mencionada, así como certificación da Xunta de Goberno Local do 25 de abril de 2014.*

*En data 06/02/2015, remítese a este Servizo expediente 19724-240 "Complemento por funcións realizadas derivadas da encomenda de funcións" ó Servizo de RRHH para a súa tramitación en sentido favorable, segundo instruccións do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal. Dito expediente contén informe asinado en data 21/11/2014 pola Xefa dos Servizos da Área de Tenencia de Alcaldía e conformado pola Concelleira Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos, Patrimonio, Economía e Facenda, no que se solicita o aboamento dun complemento de produtividade aos funcionarios D Aurelio Adan Fernandez e D Jesus Saavedra Rodríguez, correspondente ao período entre o 01/07/2014 e o 30/09/2014, polo desempeño das funcións encomendadas e en concreto :*

*Dirección e supervisión técnica dos traballos de actualización do Inventario municipal que esta desenvolvendo a empresa SCI SL, realizando o seguimento, control, dirección e supervisión diaria dos traballos citados, asistencia as diferentes Comisións Municipais de Seguimento.*

*Comprobación e validación de 1.471 expedientes individuais referentes a edificacións en colexios, locais, cemiterios, asociacións de veciños, etc, terreos, zoas verdes, cesión de vías, cesión de uso en superficie, Dereitos reais, valoracións varias dos inmobles do inventario, etc*

*Emisión de informes quincenais a todos os membros da Comisión de seguimento, habéndose realizados no período 01/07/2014-30/09/2014 os informes nº 20, 21 e 24.*

*Reparto e distribución técnica dos expedientes do Servizo de Patrimonio e emisión dos preceptivos informes.*

*Estudio "in situ" nas parroquias de Oia e Teis dos vías propostos para descatalogar ou incluír no Inventario Municipal, segundo proposta da empresa adjudicataria dos traballos de actualización do Inventario.*

*Realización da memoria de valoración de obras, seguimento, redacción de proxectos etc do Pazo Raposeira*

*Elaboración, estudo e programación da ampliación do contrato da empresa adjudicataria SCI S.L., dos traballos de Revisión e Actualización do Inventario Municipal.*

*Tramitación coa correspondente emisión de informe técnico tanto nos expedientes do Servizo de Patrimonio como en expedientes doutros servizos (Vías e Obras, Patrimonio histórico, etc) que requiren informe técnico do Servizo de Patrimonio: Exptes nº 19702,19718, 19720, 19721, 19702, 19672, 19691, 19702, 19706, 1878, 1869, 15060, 12344,10099 do servizo 240 Patrimonio , nº 2589, 2540 do servizo 440 área de Servizos, 7457 do servizo 307 Patrimonio Histórico, 1908, 1881, 1885,1923, 1963,1921,1927,1933,1934 do servizo 244 Patrimonio Inventario, 71824 do servizo 250 Vías e obras, 1804 do servizo 433, 360 do servizo 402, etc*

*As vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010, establecen que con cargo ó complemento de produtividade aboárase: o especial rendemento, dedicación e a actividade extraordinaria pola plena dispoñibilidade do persoal que presta os seus servizos nesta administración.*

*O apartado terceiro da antedita Resolución especifica que en virtude do especial rendemento requerido e dado o carácter obxectivo no desempeño dos cargos, os funcionarios nomeados percibirán, durante o período que desempeñen as funcións mencionadas e en concepto de produtividade, excluída do previsto nas instrucións de plantilla, a diferenza retributiva que podía existir entre os complementos de destino e específico dos postos que son titulares e os cargos para os que se lles nomea provisionalmente e accidentalmente.*

*Na solicitude de aboamento deberá relacionarse de xeito exhaustivo as tarefas levadas a cabo no período obxecto de aboamento e deberá acompañarse de listado de control de presenza no que se contemple a maior adicación horaria resultante da realización das tarefas encomendas amais das correspondentes ao posto ao que se este adscrito. Dito exceso de xornada non será compensable con descansos, compensación ou redución de xornada nin aboable*

*En relación co incremento da xornada laboral susceptible de xustificar adicionalmente a efectiva realización dos traballos, debe sinalarse que os datos relativos a tal aspecto están á disposición da Intervención Xeral Municipal no Servizo de Recursos Humanos para calquera comprobación ou solicitude de aclaración adicional que se precise, lembrando que constitúe responsabilidade dos respectivos xefes/as de servizo a correcta reordenación das cargas de traballo dos efectivos ao seu cargo, de xeito que non se xeneren situacións de desempeño de máis de un posto en franxa horaria simultánea*

*Así mesmo, considerase imprescindible a redefinición de parámetros de asignación de complementos de produtividade nos casos de acumulación de funcións, incluídos nas vixentes instrucións de plantilla.*

*O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP); norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.*

*Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014 de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuír o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:*

*A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.*

*En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*Específicamente, o Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local -vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.*

*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

Dos citados empregados municipais D. Jesús Saavedra Fernández atopase en servizo activo neste concello Vigo, en réxime laboral, mentres que D. Aurelio Adán Fernández actualmente é persoal propio do Organismo Autónomo da Xerencia Municipal de Urbanismo percibindo as súas retribucións do orzamento de dito Organismo Autónomo.

Dado que a produtividade deberase calcular en función dos días efectivamente traballados, segundo os datos obrantes neste servizo en canto a incapacidades temporais, vacacións, etc, as cantidades a percibir no periodo comprendido entre o 01/07/2014 e 30/09/2014, no caso de D Jesús Saavedra Fernández , NP 14166 e DNI 35984439-L, tendo en conta a instrucción Terceira apartado a) e o valor/mes do complemento específico do posto acumulado Codg 180 ascendería a un total de 1861,87€, toda vez que dito empregado municipal disfrutou de vacacións do 18/08/2014 ao 29/08/2014 (10 días).

En canto a complemento de produtividade solicitado para D. Aurelio Adán Fernández (NP 22438 e DNI 34606158 J), toda vez que disfrutou de vacacións do 15 ao 19 de setembro de 2014 (5 días) corresponderíalle o aboamento da cantidade de 1978,23€, complemento de produtividade que deberá ser aprobado polo Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, por ser persoal propio deste.

Vistas as circunstancias anteditas, e sempre previo o preceptivo informe de fiscalización en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 1861.87€ en concepto de produtividade a favor do empregado municipais D. Jesús Saavedra Fernández NP 14166 e DNI 35984439-L , polo desempeño no periodo 01/07/2014-30/09/2014, das funcións encomendadas, segundo Resolución de data 09/09/2013, pola 1ª Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos, Patrimonio, Economía e Facenda, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000.
- O aboamento do complemento de produtividade correspondente a D. Aurelio Adán Fernández deberá ser aprobado pola Xerencia Municipal de Urbanismo, con cargo aos seus propios Orzamentos.

Dése traslado do presente acordo aos interesados, Intervención Xeral, Xerencia Municipal de Urbanismo e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso



*contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”*

Consta no expediente ampliación de informe da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 23.04.15, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **26(500).- DAR CONTA Á X.G.L. DAS SEGUINTE RESOLUCIÓNS:**

#### **A) SOBRE INSTRUCCIÓNS DE SERVIZO DE D. MANUEL ÁNGEL CÓRDOBA ARDAO. EXPTE. 26507/220.**

Dáse conta do Decreto de data 14.04.15, polo que o concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal resolve o seguinte:

*Por resolución do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal de data 10/03/2014, procedeuse a dispoñer que, temporalmente e por un período máximo de 6 meses, o funcionario municipal técnico de Admón Xeral (rama xurídica) D. Manuel A. Córdoba Ardao, desempeñe as funcións inherentes ao seu posto de traballo de destino (posto código 230-“Asesor Xurídico Adxunto” encadrado na Asesoría Xurídica Municipal) e praza de orixe asociada (Técnico de Administración Xeral, rama Xurídica, subgrupo A1 de titulación, escala de Administración Xeral, Subescala Técnica, Clase superior) na Área de Mobilidade, Seguridade, Tráfico e Transportes, segundo as instrucións e directrices da Xefatura da Área de Mobilidade, Seguridade, Tráfico e Transportes.*

*Rematado dito período polo Sr. Córdoba Ardao a través do Rexistro Xeral deste Concello (doc. 150038604), solicita se regularice dita situación dado que se requeriu a súa continuidade.*

*En consecuencia, visto o marco legal do emprego público que con carácter básico establece a Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, nos seus artigos 73 e 52 a 54; ao abeiro das competencias que en canto á xefatura do persoal municipal ostento por delegación efectuada en Decreto da Excm. Alcaldía de data 29.07.2014, así como aquelas delegadas pola Xunta de Goberno Local en acordo de 30.07.2014, derivadas do establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, pola presente RESOLVO:*

*“Primeiro.- Dispoñer temporalmente que o funcionario municipal técnico de Admón Xeral (rama xurídica) D. Manuel A. Córdoba Ardao, desempeñe as funcións inherentes ao seu posto de traballo de destino (posto código 230-“Asesor Xurídico Adxunto” encadrado na Asesoría Xurídica Municipal) e praza de orixe asociada (Técnico de Administración Xeral, rama Xurídica, subgrupo A1 de titulación, escala de Administración Xeral, Subescala Técnica, Clase superior) na Área de Mobilidade, Seguridade, Tráfico e Transportes, segundo as instrucións e directrices da Xefatura*

da Área de Mobilidade, Seguridade, Tráfico e Transportes durante un período máximo de 6 meses, como ampliación do período inicial.

Segundo.- Establecer que o indicado funcionario, que seguirá organizativamente encadrado na Asesoría Xurídica Municipal dada a ausencia de reasignación do posto de traballo dende o servizo de orixe, desenvolverá as súas funcións exclusivamente na Área de Mobilidade e Seguridade, con idénticos dereitos retributivos aos actuais, debendo tomar coñecemento da nova situación a Asesoría Xurídica Municipal (Titularidade e Xefatura dos Servizos Contencioso e de Recursos e Asesoramento) aos efectos de efectuar a correspondente redistribución de cargas de traballo dentro dos servizos xurídicos municipais.

Terceiro.- Da presente resolución dése traslado ao interesado, Sra. Titular da Asesoría Xurídica Municipal, Área de Réxime Interior (Xefatura da Área e planificación e organización), Servizo de Recursos Humanos (Negociado de Seguridade Social) e Intervención Xeral Municipal, aos efectos que procedan.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **B) SOBRE SITUACIÓN DE EXCEDENCIA VOLUNTARIA POR INTERESE PARTICULAR DE D. PEDRO MICAEL DÍAZ JUSTO, CON EFECTOS DE 22/04/2015. EXPTE. 26544/220.**

Dáse conta do informe da xefa da Área de Réxime Interior, do 17.04.15, que di o seguinte:

Con data 16-04-2015, D. Pedro Micael Díaz Justo, con DNI 53174618-K e nº de persoal 78750, policía, adscrito ao Servizo da Policía Local, solicita excedencia, así mesmo con data 17-04-15 presenta a través do Rexistro Xeral solicitude (doc. na que aclara que dita excedencia é por por interese particular a partir do día 22/04/2015.

O art. 89 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público en relación co art. 16 do Real Decreto 365/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de situacións administrativas dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, establece, que poderá concederse excedencia voluntaria por interese particular ós funcionarios cando así o soliciten, sendo preciso a tales efectos ter prestado servizos efectivos durante os cinco últimos anos, non podendo permanecer nesta situación menos de dous anos continuados.

Visto o expediente persoal do interesado, o informe favorable do Intendente-Xefe en funcións DE DATA 16/04/2015 e considerando que concorren os presupostos legalmente esixidos para decreta-lo pase a esta situación administrativa, en virtude das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior direc-

*ción do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade na Administración Local, e de conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/07/2014, sobre delegación de competencias en materia de persoal, xunto coa resolución da Alcaldía de 29/07/2014, sométese a consideración do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:*

Primeiro. - *Declarar en situación de excedencia voluntaria por interese particular o funcionario D. Pedro Micael Díaz Justo, con DNI 53174618-K e nº de persoal 78750, policía, adscrita ao Servizo da Policía Local, a petición expresa do interesado con data 16 de abril de 2015 e con efectos económicos e administrativos do día 22 de abril de 2015.*

Segundo. - *O tempo de permanencia nesta situación non devengará dereitos retributivos ninguns, nin computará a efectos de ascensos, trienios e dereitos pasivos, debendo permanecer nesta situación por un período mínimo de dous anos continuados cun límite máximo de quince, non comportando a reserva de posto de traballo.*

Terceiro. - *A falta de petición de reingreso ó servizo activo dentro de dito prazo comportará a perda da condición de funcionario.*

Cuarto. - *Da presente resolución dese conta o interesado, Intendente-Xefe en funcións, Sr. concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Negociado de Seguridade Social-Inspector Auxiliar), Intervención Xeral, Tesourería Municipal, debendo darse conta á Xunta de Goberno Municipal.*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.*

Con data 20.04.15, o concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, resolve de conformidade co precedente informe.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

#### **27(501).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO, DE SERVIZOS DE DINAMIZACIÓN XUVENIL. EXPTE. 4319/336.**

Retírase este expediente para mellor estudo.

#### **28(502).- TERCEIRA REVISIÓN DO IPC DO CONTRATO DO SERVIZO DE DINAMIZACIÓN XUVENIL DO CASTRO. EXPTE. 4399/336.**

Visto o informe de fiscalización do 10.04.15 e o informe xurídico do 21.04.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 1.04.15, conformado pola concelleira delegada de dito Servizo, e pola concelleira delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de goberno Local, en sesión de 13 de setembro de 2010 adoptou o seguinte acordo: "Adxudicar a Xegalia, Galega de Xestión, S.L. O procedemento aberto para a contratación do servizo de Dinamización Xuvenil do Castro, por un total de 254.474,67 € (ive incluído)".

Na cláusula 9 das FEC prevese que "procederá a primeira revisión de prezos do contrato transcurrido un ano dende a data de adxudicación do contrato e recollerá o 85% da variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data da revisión e a data de adxudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas ou respecto da data en que termine dito prazo de tres meses se a adxudicación se produce con posterioridade".

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 12/07/2013 acordou aprobar a 1ª e 2ª revisión do IPC dende setembro de 2010- setembro de 2012, quedando o prezo do contrato anual en 91.239,33 € /ano.

Dado que a empresa Xegalia Dalega de Xestión S.L, adxudicataria do contrato ata o 30 de setembro de 2014, presenta no rexisto escrito relativo á autorización para emitir a factura de incremento do IPC correspondente a outubro 2013 - setembro de 2014, correspondente ao incremento do IPC do período que media entre setembro de 2012 e setembro 2013 ( 3ª revisión do IPC do contrato expirado en data 30 de setembro de 2014), procédese ao cálculo do mesmo.

Para a 3ª Revisión período Setembro 2012 – Setembro 2013, o índice segundo o Instituto Nacional de Estatística é 0,30%; aplicado ao 85 % = 0,26% %. O 0,26 % de 82.944,85 € ascende a 215,65 € ( sen iva). O importe do contrato coa 3ª revisión, iva incluído do 10%, ascende a 91.476,55 € , polo tanto, o importe do contrato a partires de Outubro 2013 é de 91.476,55 € /ano, co iva incluído do 10%, en aplicación do RD Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.

#### Cálculo dos atrasos

3ª Rev.: Para o período de facturación Out 2013 – Set 2014 son os seguintes: o 0,26% de 82.944,85 €/ano = 215,66 €/ano (sin iva), 237,22 € con 10% de iva incluído.

Polo tanto o Importe da facturación pendente ascende a 237,22 €

Polo exposto anteriormente, previo informe de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

- 1) Aprobar a 3ª revisión do prezo do contrato Servizo de Dinamización Xuvenil do Castro período Setembro 2012 – Setembro 2013, fixando o mesmo a partir de 01/10/2013 e ata o 30/09/2014 en 83.160,51 €/ano (sen iva) + 10% iva = 91.476,55 €.
- 2) Recoñecer á empresa Xegalia Galega de Xestión S.L, adxudicataria do contrato ata o 30 de setembro do presente ano, en concepto de atrasos polo período outubro 2013 – setembro 2014, un importe total de 237,22 € (iva incluído)
- 3) O gasto da presente proposta imputarase á aplicación orzamentaria 3370.2279906.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.